

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 13 DE ABRIL DE 2026,  
BAIXO A PRESIDENCIA DE  
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

**DECRETOS****CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE**

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural do patrimonio inmaterial o Xogo dos Birlos de Galicia.

**ACORDOS****CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Mos para a fase I do proxecto de remodelación da contorna da igrexa de San Miguel de Pereiras, por un importe total de setecentos noventa e sete mil euros (797.000,00 €).
- Acordo polo que se toma razón do Plan estratéxico de eficiencia enerxética nas estacións de autobuses da Xunta de Galicia.

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Universidade de Vigo (UVigo) para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i 2025-2026, por un importe total de seis millóns cento trinta e seis mil douscentos sete euros con corenta e sete céntimos (6.136.207,47 €).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación da subministración, por lotes, de moblaxe para diversos centros dependentes da Consellería de Política Social e Igualdade, polo procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU. Orzamento base de licitación: cinco millóns oitocentos trinta e nove mil catrocentos sesenta e oito euros con dezanove céntimos (5.839.468,19 €). Valor estimado: catro millóns oitocentos vinte e seis mil seis euros con setenta e sete céntimos (4.826.006,77 €).

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se toma razón da aprobación por parte de Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A. das bases que rexerán no concurso público de venda e concesión de dereitos de superficie de parcelas de solo empresarial e das bases que rexerán a oferta pública permanente de parcelas de solo empresarial.

### CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello da Fonsagrada para arranxar a estrada LU-730 desde o p.q. 0+000 ata a intersección coa estrada LU-530, por un importe total de cento oitenta e nove mil noventa e oito euros con vinte e seis céntimos (189.098,26 €).
- Acordo polo que se autoriza a Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A. á licitación das obras de construción dun edificio de 152 vivendas de promoción pública (VPP) na parcela B2 na unidade de actuación Norte1-Norte2, en Garabolos, concello de Lugo, cun orzamento de licitación e valor estimado, IVE excluído, de vinte e seis millóns catrocentos cincuenta e seis mil setecentos tres euros con corenta e catro céntimos (26.456.703,44 €).
- Acordo polo que se autoriza a Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A. á licitación das obras de construción dun edificio de 28 vivendas de promoción pública (VPP) na parcela VC-4 do PP SUD R06, concello da Estrada (Pontevedra), cun orzamento de licitación e valor estimado, IVE excluído, de catro millóns oitocentos dezasete mil novecentos vinte e cinco euros. (4.817.925,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Poio, para a execución das obras de pavimentación do entorno do centro comercial A Barca, na parroquia de San Salvador, por un importe de douscentos vinte e oito mil trescentos setenta e cinco euros con corenta e oito céntimos (228.375,48 €).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se toma razón da aprobación da Memoria anual sobre a ordenación do territorio e urbanismo da Comunidade Autónoma de Galicia de 2025.

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva da vacina antigripal inactivada reforzada (Efluelda) para o Programa galego de vacinación, por un importe total de licitación de oito millóns novecientos noventa mil oitocentos euros, con IVE (8.990.800,00 €) e un valor estimado de dez millóns trescentos setenta e catro mil euros, sen IVE (10.374.000,00 €).

### CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Federación de Libreiros de Galicia para a realización das feiras do libro de Galicia, actividades de formación, así como actividades culturais nas librarías galegas, por un importe total de douscentos vinte mil cento corenta e seis euros con setenta e seis céntimos (220.146,76 €).

### CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e o Concello de Pontearreas para a posta en funcionamento da nova praza de abastos, por un importe de trescentos cincuenta mil euros (350.000,00 €).

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se aproba a actualización do Pladiga para o ano 2026.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería do Medio Rural, a Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria do Ribeiro, a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín, a Mancomunidade de Municipios da Comarca do Carballiño, a Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria da Terra de Celanova, a Mancomunidade Voluntaria de Concellos da Comarca de Ourense e a Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria Santa Águeda para o consolidación do programa en que se establecen 22 brigadas de prevención e extinción de incendios por un período de seis meses, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da política agraria común (PEPAC) 2023-2027, por un importe total dun millón novecentos catorce mil euros (1.914.000,00 €) para o ano 2026; así como a superación do límite do 80 % no conxunto de pagamentos anticipados e pagamentos á conta, de conformidade co establecido no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

## INFORMES

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre a convocatoria para a concesión do distintivo Bandeira Verde de Galicia para o ano 2026 e a creación da Rede de concellos Bandeira Verde de Galicia.

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe sobre o avance da Lei de educación dixital. Trámite de exposición pública do anteproxecto.
- Informe sobre a resolución da VIII Edición da convocatoria unidades mixtas de investigación 2025.

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre as actuacións de apoio, estudo e conservación das intervencións no patrimonio en madeira da Catedral de Santiago no marco do acordo de colaboración entre a Axencia Galega da Industria Forestal e a Fundación Catedral de Santiago de Compostela, e a sinatura dun novo acordo de colaboración 2026-2030.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a próxima licitación da obra: protección contra a contaminación acústica na AC-211, (AC/25/107.09), cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de catrocentos dezaoto mil novecentos noventa e catro euros con nove céntimos (418.994,09 €).

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o proxecto EQUIO - equidade oncolóxica transfronteiriza.
- Informe sobre a modificación do calendario de vacinación infantil galego para adiantar o reforzo da vacina fronte ao sarampelo.

### CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Informe sobre a campaña de verán de 2026.

### CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre a implantación de caixeiros de autoservizo nas oficinas de emprego Galicia e a consolidación dun modelo de xestión áxil, dixital e centrado na cidadanía.

### CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre o estudo retrospectivo da situación zosanitaria de especies comerciais de ameixas en Galicia 2001-2024.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DECLARA BEN DE INTERESE CULTURAL DO PATRIMONIO INMATERIAL O XOGO DE BIRLOS DE GALICIA

- O Consello dá o visto e praxe a este recoñecemento que eleva a 797 os BIC existentes na Comunidade
- O expediente recoñece o compoñente identitario e inclusivo desta actividade, cualificándoa como un dos xogos populares e tradicionais máis importantes da historia de Galicia
- A declaración farase oficial nos vindeiros días coa súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

A Xunta declara ben de interese cultural o Xogo dos Birlos de Galicia, na categoría de patrimonio inmaterial, en recoñecemento ao seu papel como un dos xogos populares e tradicionais máis importantes da historia de Galicia. Así se acordou hoxe no Consello do Goberno galego, onde se lle deu o visto e praxe ao decreto, que se publicará nos vindeiros días no *Diario Oficial de Galicia*.

Deste xeito, o expediente recoñece esta práctica pola súa capacidade para favorecer valores identitarios, fomentado a adhesión ao propio, impulsando a sociabilidade e a integración social, e polo seu compoñente para impulsar a inclusión, a través do desenvolvemento de habilidades como a memoria, o razoamento lóxico, o compañeirismo e a cooperación. Ademais, trátase dun entretemento accesible economicamente a todas as persoas e propulsor dos valores do deporte e o compañeirismo.

Así, os técnicos recollen no decreto que o pasatempo, espallado por toda a xeografía galega con diferentes graos de actividade, consiste en lanzar ou facer rodar unha bóla contra unha serie de birlos co obxectivo de derrubalos e desprazalos o máis lonxe posible, conxugando a plasticidade no tiro coa forza, potencia e coordinación.

Neste senso, o expediente salienta tamén que esta práctica tradicional se transmitiu de xeración en xeración oralmente e polo exercicio mesmo do xogo. O proceso de custodia e a transmisión atópase na actualidade nun punto crítico, pois a súa práctica e as persoas que gardan o saber están diminuíndo, co risco conseguinte de se perderen as formas propias de cada zona. Neste senso, a denominación do Xogo dos Bolos de Galicia ou Bolos Celtas comprende unha gran variedade de modalidades de pasabolo, entre as que destacan Bolos do Val Miñor, Bolos da Comarca de Viana do Bolo, Bolos de Xove, Bolos O Canteiro, Bolos en Liña, Bolos do Barbanza e Bolos A Cova

Cómpre sinalar o soporte cidadán a través de numerosos documentos de apoio á declaración, que elevará a 797 o número de bens de interese cultural existentes en Galicia. Así, permite culminar un proceso iniciado en outubro de 2024 pola Consellería

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de Cultura, Lingua e Xuventude e que se resolve agora, antes de que se cumpra o prazo máximo de 24 meses establecido na Lei de patrimonio cultural.

### **Historia e proxección internacional**

Na nosa comunidade o xogo dos birlos desenvolveuse fundamentalmente no rural ata a Idade Contemporánea, que se despraza ao ámbito urbano a causa do progresivo asentamento da industria moderna.

Os lugares de xogo estaban instalados tradicionalmente nas prazas das vilas ou diante das igrexas e as competicións consistían en xogar años, galos, xerras de viño, entre outras. Tamén funcionaba este tempo de lecer como complemento festivo dos actos profanos da festa da parroquia, formando parte das relacións sociais e servindo de punto de encontro nos solpores da primavera ou do verán.

O fenómeno emigratorio galego espallou este pasatempo, chegando a crearse asociacións na Arxentina e Uruguai. En Bos Aires xógase no Centro Galicia, no círculo Social Valle Miñor e no centro Cangas del Narcea, e en Montevideo practícase o xogo no Centro Social, Cultural e Deportivo de Bolos Valle Miñor. Outros países aos cales a emigración galega levou o xogo son Cuba, México ou Chile.

En Galicia, a práctica desta actividade comeza a esmorecer na década dos anos 50 do século XX. Co fin de transmitila, impulsala e protexela no ano 1988 fúndase a Federación Galega de Bolos que incorpora, no ano 1992, o xogo do bolo celta ou tradicional.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA HUMANIZA A CONTORNA DA IGREXA DE SAN MIGUEL DE PEREIRAS DE MOS PRIORIZANDO O USO PEONIL PARA O DESFRUTE DE VECIÑOS E VISITANTES**

Turismo de Galicia investirá máis de 637.000 euros, a través dun convenio co concello, en reformar a zona do atrio para xerar un espazo público de convivencia veciñal

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a sinatura do convenio entre Turismo de Galicia e o Concello de Mos, a través do cal se remodelará a contorna da igrexa de San Miguel de Pereiras. O orzamento total do proxecto alcanza os 797.000 €, dos que a Xunta cubrirá 637.600 €.

As actuacións dan continuidade á fase xa iniciada no ano 2025, durante a cal o traballo se centrou na zona do aparcadoiro de formigón. Agora, a través deste novo acordo, quere acometerse a rehabilitación da contorna do atrio da igrexa, xerando un espazo de convivencia social e humanizando este espazo para o disfrute da veciñanza e das persoas que visiten este concello pontevedrés.

O obxectivo é conformar un espazo público, en que se dea prioridade ao uso peonil sobre o rodado e se melloren as condicións de accesibilidade. Para isto, propónse unha plataforma única como solución de convivencia, que desdubuxe os límites entre a zona de paso de persoas e a de vehículos. Reducirase a velocidade de circulación a 30 km/h. Incorporaranse, ademais, diversos elementos construtivos, xardíns e plantacións para afondar neste uso como lugar de convivencia veciñal.

A totalidade do ámbito do proxecto encóntrase incluído na contorna de protección de elementos do Catálogo de patrimonio cultural, no que están tanto a igrexa parroquial de San Miguel de Pereiras, que data do ano 1788, como o castro das Pereiras. Concretamente, o templo ten un destacable interese local, valorado especialmente polo seu patrimonio artístico como polo papel como centro social e histórico da localidade.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA IMPULSA O PLAN ESTRATÉXICO DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NAS ESTACIÓNS DE AUTOBUSES DE GALICIA, CUN INVESTIMENTO ESTIMADO DE 7,7 M €**

- Prevese actuar en 19 estacións, con melloras nas envolventes, nas instalacións e na sustentabilidade, reducindo a pegada de carbono e ofrecendo un mellor servizo á cidadanía
- A iniciativa enmárcase na aposta do Goberno galego por uns edificios públicos máis eficientes e sostibles, tanto para o persoal como para as persoas usuarias

O Consello da Xunta tomou razón hoxe do Plan estratéxico de eficiencia enerxética nas estacións de autobuses de Galicia, impulsado polo Goberno galego cun investimento estimado de 7,7 millóns de euros. Establécese así unha folla de ruta para a rehabilitación enerxética de 19 estacións de autobuses autonómicas, co obxectivo de transformalas en infraestruturas máis eficientes e con mellores condicións, tanto para as persoas usuarias como para o persoal, adaptándoas ás exigencias normativas e ambientais actuais, e ofrecendo un mellor servizo á cidadanía.

Trátase de infraestruturas construídas entre 1987 e 2003, que presentan deficiencias na envolvente e con sistemas enerxéticos pouco eficientes, polo que se trata dunha actuación estratéxica de alto impacto para a sociedade, xa que combina eficiencia enerxética, sustentabilidade e confort.

O Plan estratéxico de eficiencia enerxética nas estacións de autobuses de Galicia estrutúrase en dúas fases. A primeira delas desenvolverase entre este ano e 2028 con actuacións en seis estacións consideradas prioritarias: Carballo, Ponteareas, Noia, Sarria, Lalín e Sanxenxo. Estímase un orzamento para a súa execución que acada case os 3,8 millóns de euros.

A segunda fase arrincará a partir de 2027 noutras 13 estacións cun orzamento estimado que supera os 3,9 millóns de euros. Inclúense nela Padrón, O Grove, Monforte de Lemos, Viveiro, Burela, Gondomar, Xinzo de Limia, Cambados, Foz, Ribadeo, O Barco de Valdeorras, Chantada e Mondoñedo.

A través deste plan estratéxico actuarase sobre a envolvente, as instalacións e a sustentabilidade, con traballos como illamento de fachadas e cubertas, substitución de carpintarías, control solar e mellora da hermeticidade, instalación de iluminación, sistemas de climatización eficientes e renovables, ventilación e instalación de paneis fotovoltaicos, entre outros.

A iniciativa enmárcase na aposta do Goberno galego pola mellora da eficiencia enerxética e o confort nas instalacións públicas, reducindo a pegada de carbono, ademais de ofrecer o servizo con mellores condicións, e de avanzar cara a un modelo

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

enerxético máis seguro e independente. Trátase, polo tanto, dunha iniciativa coherente coas políticas europeas e en sinerxía cos obxectivos dos fondos europeos de desenvolvemento rexional, por iso esta estratexia se enmarca dentro do Programa operativo Feder 2021-2027.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA ELEVA A MÁIS DE 6,1 M € A COLABORACIÓN COA UNIVERSIDADE DE VIGO NO PERÍODO 2025-2026 PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS ESTRATÉXICAS DE I+D+I

- O Consello autoriza unha nova partida, que supón un incremento de 536.000 € sobre o convenio asinado o ano pasado, para reforzar as accións neste eido
- Entre outras actuacións, reforzaranse os recursos dos centros da Rede CIGUS, en concreto do atlanTTIC e o CIM, e as infraestruturas de investigación
- Tamén se apoian diferentes programas, como o de liderado científico María de Maetzu, e a mobilidade dos investigadores

A Xunta vai elevar a máis de 6,1 M € a colaboración coa Universidade de Vigo no período 2025-2026 para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i. Para iso, o Consello deu o visto e prace á sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o ano pasado con esta institución académica, que supón un incremento de orzamento de 536.000 € para atender novas necesidades.

Esta liña de axudas, creada pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP para unificar os esforzos impulsados neste ámbito, está dirixida, principalmente, ao fortalecemento das infraestruturas científicas e equipamento tecnolóxico, de tal xeito que as universidades poidan intensificar a actividade investigadora.

Desde a súa creación en 2019, o Goberno galego leva inxectado case 80 M € ás tres universidades públicas galegas a través destes convenios, que son unha das liñas prioritarias do Plan galego de financiamento universitario.

Para o bienio 2025-2026, o investimento total é de 21,2 M €. No caso das universidades de Santiago de Compostela e da Coruña, xa se asinaron o ano pasado convenios pola totalidade do importe para ambos os exercicios, mentres que a UVigo preferiu agardar para definir a última partida.

#### **Reforzo dos centros da Rede CIGUS**

A addenda inclúe actuacións específicas para reforzar os recursos dos centros de investigación de excelencia da Rede CIGUS, por exemplo financiando o apoio á solicitude da convocatoria María de Maeztu, o programa estatal que recoñece e financia as unidades de investigación que destacan polo seu liderado científico, alto impacto e competitividade internacional.

No que atinxe ao Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación (atlanTTic), executaranse accións como a participación en conferencias e eventos de especial relevancia para o posicionamento institucional e a captación de oportunidades. Tamén se comprarán ou renovarán licenzas de software especializado de apoio á investigación e financiaranse os gastos asociados á difusión e publicación de resultados.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No caso do Centro de Investigación Mariña (CIM), organizaranse dúas novas formacións e completárase o orzamento para a compra dunha ecosonda científica –un equipamento único capaz de proporcionar datos de alta calidade para rexistros de fondos mariños e columnas de auga–, cuxo prezo se incrementou desde a sinatura do convenio en 2025. Tamén se intensificará a colaboración co programa do CIM co Ocean Frontiers Institute situado en Canadá, ampliando as mobilidades a investigadores posdoutorais e persoal técnico –ata o momento incluía a predoutorais–, entre outras accións.

### **Obras singulares de apoio á investigación**

A addenda inclúe tamén melloras nas infraestruturas de investigación da UVigo, por exemplo a adquisición dun novo laboratorio de tradución simultánea para a Facultade de Filoloxía e Tradución. Estes espazos permiten reproducir con fidelidade situacións comunicativas reais e ofrecen un apoio fundamental para a innovación docente e para a investigación aplicada e necesitan ser modernizados incorporando sistemas multimedia e multimodais que respondan ao novo paradigma dixital e permitan abordar proxectos de investigación aplicada ás novas tecnoloxías de tradución simultánea.

Así mesmo, acondicionarase un novo espazo de oficinas para o Centro de Investigación en Tecnoloxías, Enerxía e Procesos Industriais (Cintecx), acometerase a impermeabilización da planta técnica do edificio Olimpia Valencia –que acolle o Centro de Investigación en Nanomateriais e Biomedicina (Cinbio) e o Centro de Apoio á Investigación Científico-Tecnolóxica (Cacti)– e a substitución do grupo electrógeno da Estación de Ciencias Mariñas–Ecimat.

### **Accións de alto impacto**

Por outra banda, financiaranse diversas accións, como o apoio á implantación na UVigo do selo de excelencia en recursos humanos en investigación (*HR Excellence in Research*), un recoñecemento da Comisión Europea a institucións que aliñan as súas políticas de persoal coa Carta europea do investigador e o Código de conduta para a contratación.

Neste ámbito tamén se adquirirá un vehículo para traballos de campo e recollida de mostras, que estará a disposición de todos os grupos de investigación da Facultade de Ciencias do Campus de Ourense, apoiarase a mobilidade do persoal investigador co fin de facilitarlle a súa instalación e desfrutar dunha experiencia de mobilidade de calidade e apoiarase a organización do congreso internacional da Sociedade Internacional de Historia dos Dereitos da Antigüidade, que terá lugar en setembro en Vigo.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINA PRETO DE 6 M€ A RENOVAR A MOBLAXE E ENXOVAL DAS SÚAS RESIDENCIAS DE MAIORES E DE ATENCIÓN Á DISCAPACIDADE**

Dotaranse de novo mobiliario e material de uso diario un total de 32 centros das catro provincias galegas

O Consello da Xunta autorizou hoxe licitar a contratación da subministración de moblaxe e enxoval para os centros residenciais de maiores e para persoas con discapacidade da rede pública autonómica. A este contrato destínanse 5,8 millóns de euros de fondos europeos procedentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (NextGenerationEU).

Este investimento permitirá renovar o material de uso diario e o mobiliario de 32 residencias que dependen da Consellería de Política Social e Igualdade: 13 situadas na provincia da Coruña, 7 na de Lugo, 6 en concellos da provincia de Pontevedra e outras 6 localizadas na provincia de Ourense.

Esta medida enmárcase na mellora continúa de infraestruturas e equipamentos. Nesta lexislatura invístense 40 millóns de euros na renovación de residencias de maiores da Xunta, con actuacións en toda a xeografía galega: Marín, A Estrada, Lugo, Ferrol, Pontevedra, A Coruña, Antas de Ulla, Burela, Barbadás ou O Carballiño, entre outros concellos.

Con estas obras dótanse os centros de novos espazos comúns e de convivencia, fanse máis confortables as habitacións e as zonas de descanso, mellórase a accesibilidade ou incrementase a eficiencia enerxética, entre outras actuacións. O obxectivo é adaptar as residencias ás novas necesidades no ámbito dos coidados, facelas máis confortables e convertelas nun auténtico fogar para as persoas usuarias.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA LANZA UN CONCURSO PÚBLICO PARA COMERCIALIZAR PRETO DE 800.000 METROS CADRADOS DE SOLO EMPRESARIAL CON NOVAS FÓRMULAS COMO A ADXUDICACIÓN DIRECTA E A OFERTA PÚBLICA PERMANENTE**

- O Goberno galego pon no mercado 357 parcelas nas catro provincias e incorpora ferramentas de axilización administrativa e controis antiespeculación para impedir o acaparamento do solo
- As empresa poderán presentar propostas en calquera momento sen depender de novas licitacións
- A adxudicación directa pretende axilizar a implantación de proxectos estratéxicos e a venda dos terreos que queden vacantes no concurso
- Manter a actividade durante un mínimo de 10 anos no caso da compravenda e de 15 para o dereito de superficie, entre as condicións deste sistema de comercialización

O Consello da Xunta deu conta esta mañá das bases que rexerán o novo concurso público de venda e concesión de dereitos de superficie de 357 parcelas de solo empresarial de titularidade autonómica que suman preto de 800.000 metros cadrados. A convocatoria abrangue parcelas propiedade de Xestión do Solo de Galicia (Xestur) e do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) e incorpora novas fórmulas para adaptar a venda á realidade do mercado, entre elas, a oferta pública permanente e a adxudicación directa.

A medida enmárcase na estratexia da Xunta para facilitar a dispoñibilidade inmediata de solo empresarial, incentivar a implantación de novas empresas e favorecer a ampliación das xa existentes. O novo proceso porá no mercado 357 parcelas, que suman unha superficie total de 789.767,94 m<sup>2</sup>, distribuídas entre as provincias da Coruña, con 304.596 m<sup>2</sup>; Lugo, con 246.270,86 m<sup>2</sup>; Ourense, con 144.195,06 m<sup>2</sup>; e Pontevedra, con 94.706,02 m<sup>2</sup>. A iniciativa dá continuidade ao sistema de bonificacións do solo empresarial impulsado polo Goberno galego e incorpora, ademais, novos mecanismos de axilización administrativa e de prevención da especulación para evitar o acaparamento do solo.

As bases do novo proceso distinguen dúas grandes modalidades de acceso ao solo empresarial: o concurso público e a oferta pública permanente. O concurso público abrangue, por unha banda, 182 parcelas propiedade de Xestur, que suman 517.002 m<sup>2</sup>, e, por outra, 72 parcelas do IGVS, cun total de 148.720 m<sup>2</sup>. Pola súa banda, a oferta pública permanente estrutúrase en dous bloques: parcelas situadas en parques en que houbo algún proceso de venda ou nos cales se rexistrou interese por parte de empresas nos últimos anos, e parcelas en liquidación, localizadas en ámbitos nos cales non houbo procesos de venda nin demanda recente. En ambos os casos, o acceso ao solo poder á formalizarse mediante compravenda ou, cando proceda, mediante dereito de superficie.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No marco deste concurso, os prezos de compravenda estarán bonificados entre o 30 % e ata o 50 %, darase prioridade ás solicitudes de compra fronte ás de dereito de superficie e os adxudicatarios deberán concluír a edificación e obter a habilitación da actividade no prazo máximo de tres anos. Ademais, o procedemento, cuxa convocatoria está prevista para os próximos días, establecerá un prazo dun mes para a presentación de solicitudes contado desde a publicación do anuncio na páxina web de Xestur ([www.xesturgalicia.com](http://www.xesturgalicia.com)).

### **Novidades do novo proceso**

A principal novidade que incorpora este sistema de acceso ao solo empresarial é a denominada oferta pública permanente, fórmula que permite ás empresas presentar propostas en calquera momento, sen depender da apertura de novas convocatorias de concurso. Esta modalidade aplicarase exclusivamente a parcelas propiedade de Xestur situadas en parques empresariais con características específicas, diferenciando entre dous grandes grupos: por unha banda, parcelas localizadas en ámbitos nos cales houbo procesos de venda ou interese empresarial nos últimos anos, e, pola outra, parcelas situadas en parques nos cales non se rexistraron operacións nin demanda recente.

No primeiro grupo inclúense os terreos dos parques empresariais de Ortigueira, Vilamarín e Arbo, que suman 64 parcelas cunha superficie global de 81.156 m<sup>2</sup>. Neste caso, admitirase unha maior flexibilidade nas condicións de pagamento, incluíndo fórmulas de carencia ou pagamento aprazado, sempre que se acredite a equivalencia económica co prezo bonificado de referencia.

No segundo grupo intégranse 39 parcelas situadas nos parques empresariais de Cedeira e na parcela de equipamento comercial e servizos de Arzúa, ámbitos en que transcorreron máis de oito anos sen procesos de venda nin interese empresarial. A principal novidade nesta modalidade é que se admitirán ofertas á baixa respecto do prezo bonificado de saída, sempre coa exigencia dun aval pola diferenza entre ese importe e o prezo ofertado. Ese aval deberá manterse vixente durante un período mínimo de tres anos.

En ambos os casos, unha vez recibida unha proposta, esta publicarase na web de Xestur durante 15 días para permitir a concorrência doutros posibles interesados. A decisión final corresponderá ao Consello de Administración de Xestur, que valorará, entre outros aspectos, a creación de emprego, a actividade proposta, a viabilidade do proxecto ou o reforzo da cadea de valor do parque empresarial correspondente.

### **Medidas antiespeculativas**

A adxudicación directa é outra das novidades que incorpora o Goberno galego para incentivar a adquisición de parcelas. Faino no marco da Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que permite a adxudicación directa de solo

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

empresarial nos casos legalmente previstos, entre eles, os vinculados a proxectos empresariais singulares, proxectos industriais estratéxicos, parcelas que quedasen desertas en licitacións anteriores, operacións de permuta, transmisións a favor doutras entidades do sector público, compromisos recollidos en escritura pública ou necesidades xustificadas de expansión cara a parcelas lindoiras.

Neste marco, e unha vez rematado o concurso, as parcelas vacantes poderán tamén ser adjudicadas directamente cos mesmos prezos e condicións bonificadas, sempre que a solicitude se presente antes do 30 de novembro de 2026. No caso do dereito de superficie, esta posibilidade quedará reservada a proxectos previamente declarados como proxectos empresariais singulares. Trátase, en todo caso, de supostos taxados legalmente e sometidos ás correspondentes garantías e condicións de control.

As novas condicións de acceso ao solo incorporan, ademais, mecanismos para evitar a especulación e garantir que o solo público reverta en actividade produtiva real. Así, os adjudicatarios deberán concluír a edificación e obter a habilitación da actividade no prazo máximo de tres anos e manter a actividade durante un mínimo de 10 anos no caso da compravenda e de 15 anos no caso do dereito de superficie. Do mesmo xeito, quedarán excluídos dos procedementos aqueles titulares que incumprisen obrigas previas de edificación ou implantación de actividade, así como quen manteña débedas con Xestur ou co IGVS.

Con este novo modelo de comercialización, a Xunta de Galicia reforza a súa política de mobilización do solo empresarial xa dispoñible e complétaa co impulso a novos parques e ampliacións actualmente en tramitación. O obxectivo é ofrecer máis solo, con maior flexibilidade e con mellores condicións económicas para atraer investimento, favorecer a creación de emprego e impulsar un desenvolvemento industrial equilibrado en todo o territorio galego.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA ACORDA IMPULSAR A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA ROLDA DA FONSGRADA, CUN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE PRETO DE 190.000 EUROS**

- O obxectivo é garantir a mobilidade viaria dos vehículos e peóns que percorren o tramo da LU-730, que vertebra a maior parte da zona vella da vila e coincide co percorrido urbano do Camiño Primitivo de Santiago-Camiño Norte ruta interior
- O Goberno galego aproba o convenio co concello lugués para financiar distintas actuacións, como a renovación do firme e melloras nas beirarrúas, incluíndose varanda de seguridade no tramo sen protección na beirarrúa Oeste
- O Concello da Fonsagrada redactará o proxecto, licitará as obras e acepta a transferencia de todo o dominio público viario da LU-730, rolda da Fonsagrada: co inicio no quilómetro 0+070 e final na intersección coa LU- 530, avenida de Galicia

O Consello da Xunta acordou hoxe autorizar o convenio de colaboración co Concello da Fonsagrada para impulsar as obras de humanización da estrada LU-730, a rolda da Fonsagrada e que se corresponde coa coñecida como antiga travesía do municipio lugués, e que carece na actualidade de funcionalidade dentro da rede autonómica de estradas de Galicia.

O Goberno galego destinará un investimento que rolda os 190.000 euros co obxectivo de garantir a mobilidade viaria, tanto dos vehículos coma dos peóns, que percorren esta antiga travesía da Fonsagrada, e que vertebra a maior parte da zona vella da vila e coincide, case na súa totalidade, co percorrido urbano do Camiño Primitivo de Santiago-Camiño Norte ruta interior.

Con este acordo, trátase de levar a cabo as actuacións necesarias en materia de accesibilidade e seguridade viaria no tramo da LU-730, desde o punto quilométrico 0+000 ata a intersección con estrada LU-530, coincidente coa avenida de Galicia.

Nas vindeiras semanas a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello asinarán o convenio de colaboración que permitirá desenvolver nesta antiga travesía da Fonsagrada distintas actuacións, entre as cales se incluírá a renovación do firme do tramo, así como distintas melloras nas beirarrúas, como pode ser a instalación de varanda de protección onde sexa necesario para evitar caídas.

En concreto, as actuacións que se van realizar incluírán demolicións e movemento de terras, escavación e cimentación dun novo muro de contención de formigón armado, a mellora e ampliación da rede de saneamento.

Tamén se proxecta a formación de base de beirarrúas, pavimentación e execución de bordo de granito en toda a súa lonxitude, o estendido de nova capa de mestura

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

bituminosa en quente en toda a superficie de tránsito vehicular, así como a instalación de mobiliario urbano, varanda de seguridade no tramo sen protección na beirarrúa Oeste e pintado de marcas viarias.

### **O convenio**

No que se refire aos compromisos establecidos no convenio, a Xunta, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, financiará as actuacións proxectadas con 189.098,26 €.

Pola súa banda, o Concello da Fonsagrada redactará o proxecto das obras e licitará a súa contratación.

Tamén executará as obras obxecto deste convenio, logo da posta á disposición polo tempo necesario para a súa execución polo órgano correspondente da Xunta dos terreos necesarios. A posta á disposición quedará formalizada na correspondente acta.

Ademais con este convenio, a Administración local acepta a transferencia de todo o dominio público viario da estrada autonómica LU-730, rolda da Fonsagrada: co inicio no quilómetro 0+070 e final na intersección coa estrada LU- 530, avenida de Galicia, no punto quilométrico 0+550. Exceptúase da dita transferencia o nó viario no seu quilómetro 0+000 coa LU-530.

O Goberno galego con esta colaboración co Concello da Fonsagrada mantén a súa aposta pola mellora da mobilidade dos condutores e dos peóns, coa creación de espazos máis seguros.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**A XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE 152 NOVAS VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA EN LUGO, QUE SUPORÁN UN ORZAMENTO AUTONÓMICO DE MÁIS DE 27,3M €**

- Construiranse nunha parcela urbanizada pola Xunta en Garabolos
- O investimento global desta nova promoción roldará os 27,3M €, ao sumárense á licitación os máis de 824.000 euros da redacción do proxecto e dirección da obra e o valor da parcela
- Actualmente a Xunta promove 620 VPP en Lugo, cun investimento en obras de arredor de 120M €, aos cales hai que engadir os custos dos proxectos, traballos técnicos e parcelas
- A Xunta asume todo o investimento en Lugo, agás 7,3 M € procedentes de fondos europeos, sen que exista achega do Estado para financiar estes fogares, unha situación que se repite no conxunto das 4.000 vivendas públicas actualmente en execución en Galicia

O Goberno galego licitará as obras de construción de 152 novas vivendas de promoción pública (VPP) en Lugo, segundo autorizou hoxe o Consello da Xunta. As vivendas construíranse na parcela B2, urbanizada pola Xunta en Garabolos, e serán financiadas exclusivamente con fondos propios, sen ningún tipo de cofinanciamento de fondos europeos ou estatais.

A obra de construción será licitada por un total de 26.456.703 euros, aos cales hai que sumar máis de 824.000 euros de redacción do proxecto e dirección de obra, o valor da parcelas e os custos doutros traballos técnicos.

O inmoble contará cun total de oito vivendas dun dormitorio, 62 vivendas de dous dormitorios (das cales sete estarán adaptadas para o seu uso por persoas con mobilidade reducida), 60 vivendas de tres dormitorios e 22 de catro dormitorios. Todas as vivendas contarán con rocho e praza de garaxe.

En total, a Xunta ten en Lugo, en distintas fases de execución, un total de 620 vivendas de promoción pública, incluíndo estas 152, e cuxa obra se licitará proximamente.

O investimento da Xunta na construción destas 620 vivendas rolda os 120 M €, financiados con fondos propios da Xunta de Galicia e unha achega de fondos da Unión Europea, a través do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, de preto de 7,3 M €, que supoñen un 6 % do total do custo das obras, e o 94 % restante corre por conta da Xunta. Ademais, a Xunta financia a redacción dos proxectos, todos os traballos técnicos e o valor das parcelas en que se constrúen.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Goberno galego lembra que en Lugo non se conta con fondos estatais no financiamento destas vivendas, o mesmo que sucede nas 4.000 vivendas de promoción pública que está desenvolvendo a Xunta en toda Galicia.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN POR MÁIS DE 4,8M € DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE 28 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA NO CONCELLO DA ESTRADA**

- Construiranse nunha parcela cedida polo Concello na zona da avenida de Vigo
- Esta nova promoción suporá un investimento total superior aos 5M €, ao sumárense os 205.000 € da redacción do proxecto e dirección de obra e o valor da parcela
- Todo o investimento corre a cargo da Xunta, sen ningún tipo de cofinanciamento de fondos europeos ou estatais
- A Estrada forma parte da lista de 16 municipios galegos que xa cederon parcelas á Xunta para construír novos fogares
- O Goberno galego continúa traballando da man dos concellos e do sector para seguir avanzando no reto de duplicar o parque público residencial, chegar ás 8.000 vivendas en 2028 e acadar a cifra total de 10.000 no ano 2030

O Goberno galego licitará as obras de construción de 28 vivendas de promoción pública no concello da Estrada, segundo autorizou hoxe o Consello da Xunta. As vivendas construíranse nunha parcela cedida de balde polo Concello da Estrada situada na zona da avenida de Vigo. Esta nova promoción pública será financiada exclusivamente con fondos propios da Xunta, sen ningún tipo de cofinanciamento de fondos europeos ou estatais.

A obra de construción será licitada por un total de 4.817.925 euros, aos cales hai que sumar máis de 205.666 euros de redacción do proxecto e dirección de obra e os custos doutros traballos técnicos.

O inmovible contará cun total de 14 vivendas de dous dormitorios (das que dúas estarán adaptadas para o seu uso por persoas con mobilidade reducida), 11 vivendas de tres dormitorios e 3 de catro dormitorios. Todas as vivendas contarán con rocho e praza de garaxe. As superficies útiles das vivendas oscilarán entre os 65 a os 96 metros cadrados.

O Goberno galego segue sumando colaboración con máis concellos e A Estrada forma parte dos 16 municipios galegos que xa cederon parcelas á Xunta para construír novos fogares.

Con esta licitación a Xunta continúa traballando da man dos concellos e do sector para seguir avanzando no reto de duplicar o parque público residencial e chegar ás 8.000 vivendas antes do remate de 2028. E continuar construíndo vivendas, ata acadar a cifra total de 10.000 no ano 2030.

Infografías da nova promoción pública:

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Acorrentar



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA COLABORA CO CONCELLO DE POIO NA MELLORA DO ESTACIONAMENTO PÚBLICO NA CONTORNA DA PONTE DA BARCA, CUN INVESTIMENTO TOTAL DE CASE 230.000 €**

- O Consello da Xunta deu luz verde ao convenio co Concello para a execución da actuación ao abeiro do Plan Hurbe, de apoio ás administracións locais para melloras de equipamentos e contornas urbanas
- Abordarase a pavimentación do estacionamento na contorna da Ponte da Barca, coa mellora do firme e as beirarrúas existentes, así como a eliminación de barreiras arquitectónicas para acadar unha contorna máis segura, accesible e homoxénea
- Trátase dunha intervención de conservación e mellora, para reforzar o papel deste espazo como nodo de conexión comercial e urbano, mellorar a experiencia de uso da cidadanía e optimizar a capacidade dos pavimentos
- A través do convenio autorizado hoxe, a Xunta financiará o 70 % do custo da actuación e contratará e executará as obras, mentres que o Concello de Poio asumirá o 30 % restante

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao convenio co Concello de Poio para colaborar nas obras de mellora do estacionamento público na contorna da Ponte da Barca, cuxo investimento total ascende a preto de 230.000 € (228.375 €). A actuación enmárcase no Plan Hurbe, destinado a apoiar as administracións locais en intervencións urbanísticas en contornas urbanas e tamén na mellora de equipamentos.

O ámbito onde se desenvolverá a intervención está situado na parroquia de San Salvador, nunha zona de elevada actividade comercial e de servizos, con presenza de tráfico rodado e peonil continuo. A contorna forma parte da estrutura viaria principal e conecta coa PO-308, constituíndo un espazo de gran relevancia para a mobilidade local.

O obxectivo da actuación obxecto deste convenio é mellorar as vías de acceso ao centro comercial, así como o aparcadoiro público existente, para acadar unha contorna máis segura, accesible e visualmente homoxénea, garantindo a continuidade dos itinerarios peonís e de vehículos.

En concreto, búscase resolver as actuais deficiencias actuais tanto no firme como de accesibilidade na zona de estacionamento, onde as diferenzas de altura entre os carrís e as beirarrúas xeran barreiras arquitectónicas que dificultan a mobilidade das persoas con diversidade funcional.

Deste xeito, abordarase a mellora e rehabilitación do firme e das beirarrúas existentes, mediante o reasfaltado xeral das vías, a eliminación de barreiras arquitectónicas, principalmente na explanada de estacionamento, e a substitución das baldosas deterioradas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Trátase dunha intervención de conservación e mellora, para reforzar o papel deste espazo como nodo de conexión comercial e urbano, para mellorar a experiencia de uso da cidadanía e optimizar a capacidade dos pavimentos.

A través do convenio autorizado hoxe, a Xunta financiará o 70 % do custo da actuación (159.862 €) e contratará e executará as obras, que terán un prazo de execución de tres meses.

Pola súa banda, o Concello asumirá o 30 % restante (68.512 €) asume a redacción do proxecto e o mantemento da actuación unha vez finalizada. O convenio estará vixente ata o 31 de decembro do 2026.

Con liñas de colaboración como o Plan Hurbe, a Xunta contribúe a promover o desenvolvemento das vilas e núcleos rurais da comunidade autónoma como motores de dinamización ao converterse en puntos de localización dun importante número de servizos públicos e privados que permiten achegar o modelo urbano a todo o territorio.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA CONSULTIVA DE URBANISMO EMITE 63 INFORMES EN 2025 E REFORZA O SEU PAPEL DE GARANTE DA SEGURIDADE XURÍDICA NA APLICACIÓN DA NORMATIVA TERRITORIAL**

- O Consello da Xunta toma razón da aprobación da memoria anual deste órgano autonómico, que contribúe a resolver dúbidas interpretativas e a facilitar a aplicación práctica da normativa vixente
- A memoria inclúe propostas de mellora da eficacia da ordenación do territorio e do urbanismo, reforzando a seguridade xurídica das edificacións fóra de ordenación, facilitando a súa conservación e posta en valor, ao tempo que se avanza na simplificación administrativa de informes sectoriais e na axilización das autorizacións en solo rústico
- Os informes están publicados no Portal de territorio e urbanismo da Xunta para facilitar o seu acceso a toda a cidadanía e a todos os axentes implicados na ordenación do territorio e no urbanismo

O Executivo autonómico tomou razón hoxe da aprobación da memoria anual da Xunta Consultiva en materia de ordenación do territorio e urbanismo correspondente ao pasado ano 2025, que reforza o seu papel de garante da seguridade xurídica na aplicación da normativa territorial. Trátase do documento en que se reflicte a actividade desenvolvida por este órgano de asesoramento na interpretación e aplicación da normativa que evidencia a súa consolidación como instrumento clave de tutela nesta materia.

Durante o ano pasado, a Xunta Consultiva realizou un total de 11 sesións —tres do Pleno e oito da Comisión Permanente— e emitiu 63 informes sobre cuestións formuladas principalmente polos concellos, así como por colexios profesionais, organizacións empresariais e outros organismos. Esta actividade reflicte a demanda de asesoramento técnico e xurídico nun ámbito especialmente complexo como é o da ordenación do territorio e o urbanismo.

A memoria pon de manifesto o papel deste órgano na mellora da seguridade xurídica e na procura da axilización dos procedementos administrativos, especialmente aqueles relacionados coa tramitación de licenzas e autorizacións necesarias para o desenvolvemento de actividades económicas. Neste sentido, os informes emitidos contribúen a resolver dúbidas interpretativas e a facilitar a aplicación práctica da normativa vixente.

Os informes emitidos ao longo de 2025 evidencian que as principais cuestións que suscitan dúbidas están relacionadas co réxime de usos admisibles no solo rústico, a reorganización da propiedade no solo rústico, as edificacións tradicionais e as

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

situacións de fóra de ordenación, así como coa aplicación complementaria do Plan básico autonómico.

### **A actividade**

No relativo á actividade do Pleno, nas sesións realizadas ao longo de 2025 emitíuse informe, entre outros asuntos, sobre o Plan básico municipal de Alfoz, o Proxecto de decreto para regular as entidades de certificación de conformidade municipal (ECCOM), así como varios proxectos industriais estratéxicos vinculados a iniciativas empresariais e tecnolóxicas en distintos concellos galegos.

En concreto, emitíuse informe sobre iniciativas de calado como o Proxecto industrial estratéxico (PIE 07) Stolt Sea Farm, no concello de Rianxo; o PIE de investigación de iniciativa pública: Edificio Datacenter do cesga, en Santiago de Compostela; o PIE do Centro de Procesamento de Datos: *Data Center*, no concello de Curtis, ou o PIE para planta de conversión de madeira en carbón vexetal, no concello de Dumbría.

Pola súa banda, a Comisión Permanente realizou oito sesións ao longo do ano, nas cales se analizaron maioritariamente consultas das alcaldías de diferentes concellos, agás dous informes emitidos a petición das persoas titulares da presidencia de colexios profesionais, cinco informes emitidos a petición das organizacións empresariais, e un informe emitido a petición da Xerencia Rexional do Catastro Inmobiliario.

A distribución territorial dos informes evidencia unha actividade repartida por toda Galicia. Así, por provincia, emitíronse 17 informes solicitados por concellos da provincia de Pontevedra, 15 da Coruña, 10 de Ourense e 9 de Lugo.

Ademais, a Xunta Consultiva continúa a colaborar coa Asesoría Xurídica Xeral nos procedementos contencioso-administrativos en materia urbanística, mediante a elaboración de informes técnicos que contribúen á defensa xurídica da Administración autonómica. Así, neste apartado, inclúese o traballo realizado na elaboración de 15 informes en recursos contencioso-administrativos relacionados con autorizacións de proxectos de parques eólicos.

A memoria anual da Xunta Consultiva inclúe tamén propostas orientadas a mellorar a eficacia da ordenación do territorio e do urbanismo. Neste apartado, a memoria pon de relevo o impacto da mellora de determinados aspectos na normativa urbanística galega, introducindo aclaracións procedementais, reducir prazos e dar resposta ás dúbidas detectadas nas consultas. Entre as principais novidades, refórzase a seguridade xurídica das edificacións fóra de ordenación, facilitando a súa conservación e posta en valor, ao tempo que se avanza na simplificación administrativa de informes sectoriais e a axilización das autorizacións en solo rústico.

Na Memoria tamén destaca o impulso á tramitación do anteproxecto de decreto do novo regulamento da Lei do solo, actualmente en tramitación e previsto para 2026, co

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

obxectivo de unificar e clarificar o marco normativo. Ademais, sublíñase o compromiso da Dirección Xeral de Urbanismo coa formación e difusión do coñecemento nesta materia, por exemplo, a súa participación activa en foros especializados como: o *XII Congreso Internacional de Ordenación do Territorio*, en Santiago.

Finalmente, para facilitar a interpretación e aplicación da normativa urbanística Así mesmo, prevese a elaboración dun manual comentado da normativa urbanística autonómica vixente, co fin de facilitar a súa interpretación e aplicación e que servirá como ferramenta de apoio para técnicos, xuristas e para a cidadanía en xeral.

Todos os informes da Xunta Consultiva están publicados no Portal de territorio e urbanismo da Xunta, garantindo así a transparencia e facilitando o acceso á información tanto á cidadanía como aos distintos axentes implicados.

Unha vez elevada hoxe ao Consello da Xunta, a memoria anual será publicada na páxina web institucional.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**RUEDA ANUNCIA A AMPLIACIÓN DA VACINA REFORZADA CONTRA A GRIPE Á POBOACIÓN XERAL ENTRE OS 65 E OS 69 ANOS**

- Na campaña anterior, a inmunización reforzada fronte á gripe tiña como destinatarias “as persoas de 60 e máis anos que vivían en residencias e a poboación xeral de 70 e máis anos”
- Coa ampliación do rango de idade, a poboación diana a que vai dirixida a vacina reforzada se incrementará nun 35% ata as 730.000 persoas
- O Consello da Xunta autorizou hoxe o contrato de subministración da vacina antigripal de alta carga cun investimento de case 9 M€
- Con esta medida, búscase reducir a mortalidade, a morbilidade e o impacto da enfermidade da gripe entre a poboación, ao tempo que optimiza os custos socioeconómicos asociados ao seu padecemento
- A Xunta empregará, por segundo ano consecutivo, o contrato de efectividade cos provedores, mediante o cal o prezo das doses está vencellado á efectividade da vacina e aos seus resultados en saúde
- Na última campaña de vacinación fronte á gripe, Galicia rexistrou un total 883.892 persoas vacinadas, mellorando os datos de cobertura en todos os grupos de idade

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou a ampliación da subministración da vacina antigripal inactivada reforzada (Efluelda) ás persoas con idades comprendidas entre os 65 e os 69 anos na próxima campaña, xa que “ofrece máis protección fronte ao virus e fortalece o sistema inmunitario cunha acreditada eficacia”.

Así, tal e como indicou o titular do Goberno galego, na campaña pasada, “esta vacina ía dirixida aos maiores de 60 anos que vivían nunha residencia e a poboación xeral a partir de 70 e máis anos”. Agora amplíase en cinco anos o rango de idade da poboación diana desta vacina, que se incrementará nun 35%, pasando de 540.000 persoas actuais ata acadar as 730.000 en toda a comunidade.

“Para que isto sexa posible, acordamos tamén no Consello incrementar a partida para adquirir vacinas antigripais reforzadas de cara a vindeira campaña, a través dun investimento de preto de 9 M€”, indicou.

A vacina reforzada de alta carga contén unha maior cantidade de antíxenos, o que contribúe a fortalecer a resposta inmunitaria do sistema, ademais de garantir unha maior protección fronte ao virus. Este feito resulta decisivo no caso daqueles grupos de poboación que contan cun sistema inmunolóxico máis vulnerable, como poden ser as persoas de maior idade.

Con esta medida, a Xunta busca reducir a mortalidade, a morbilidade e o impacto da enfermidade da gripe entre a poboación, ao tempo que optimiza os custos socioeconómicos asociados ao seu padecemento.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Rueda tamén lembrou que o pasado ano, "Galicia foi a primeira rexión no mundo en asinar un contrato de efectividade cos provedores mediante o cal vencellamos as adquisicións á eficacia das doses adquiridas". Así, "se non se cumpren certos logros como, por exemplo, que esta vacina reduza o número de ingresos hospitalarios en comparación coa vacina estándar, pagarase un menor prezo por cada dose", explicou.

Nesta liña, e por segundo ano consecutivo, a Consellería de Sanidade empregará este sistema de acordo de risco compartido cos provedores (a industria farmacéutica). Deste xeito, os riscos financeiros e clínicos distribúense entre os fabricantes e o comprador, promovendo unha corresponsabilidade nos resultados obtidos.

Na actualidade existen dúas modalidades principais de acordos de risco compartido. Por unha banda, a modalidade en que se axusta o prezo dos produtos en función da cantidade que se adquirirá e, pola outra, un tipo de acordo onde o financiamento dun produto ou tecnoloxía está vinculado á obtención de resultados en saúde concretos e predefinidos.

### **Éxito da campaña de vacinación fronte á gripe**

A última campaña de vacinación fronte á gripe en Galicia rexistrou un total 883.892 persoas vacinadas, mellorando os datos de cobertura en todos os grupos de idade e poboación diana.

Destaca a ese respecto o incremento da cobertura vacinal no caso das mulleres embarazadas, que superou nesta última campaña o 50% da vacinación.

En canto ás persoas maiores de 65 anos, a porcentaxe de vacinados achegouse ao 73% de cobertura; e na poboación infantil (ata os 11 anos) a vacinación contra a gripe superou o 54%.

A Xunta lembra á poboación a importancia de vacinarse e protexerse fronte á gripe, xa que representa a forma máis efectiva para evitar contaxios ou padecer esta enfermidade dun xeito grave.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA RENOVA O SEU ACORDO COAS LIBRARÍAS PARA MODERNIZAR ESTABLECEMENTOS E ORGANIZAR ACTIVIDADES CULTURAIS

- O Consello dá luz verde ao convenio dotado con máis de 220.000 € para xornadas de formación que lle permitan adaptarse ás novidades do mercado e á venda en liña
- O apoio do Goberno galego tamén irá dirixido á posta en marcha de clubs de lectura, a organización de conversas con escritores e escritoras e sesións de contacontos
- A achega da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude facilitará o circuíto de feiras, que percorrerá 13 localidades, do 23 de abril ao 29 de agosto, dando lugar a máis de 80 días de actividades culturais
- Galicia é unha das comunidades en que máis subiu o índice de lectura de lecer nos últimos cinco anos

O Goberno galego colaborará, un ano máis, coas librarías galegas para modernizar establecementos e levar a cabo actividades culturais, entre as cales se inclúe o circuíto das feiras do libro. Así se informou hoxe no Consello da Xunta, en que se deu luz verde ao convenio de colaboración coa Federación de Librarías Galegas, dotado cun total de 220.146 €, co obxecto de acadar unha valoración deste patrimonio cultural e unha maior difusión e posta en valor da lingua e literaturas galegas.

Deste xeito, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude mantén a achega de 165.000 € que xa realizou o ano pasado e renova o acordo iniciado no ano 2015, que permite, entre outras accións, a celebración das feiras do libro de Galicia. Nesta edición o circuíto percorrerá 13 vilas e cidades galegas, desde o 23 de abril ata o 29 de agosto, dando lugar a máis de 80 días de actividades culturais, que abranguen desde presentacións, sinaturas, encontros con escritores e escritoras, recitais, mostras teatrais, concertos e ata propostas infantís.

En concreto, as feiras deste ano celebraranse baixo o título *A porta a universos infinitos*, cuxa cita inaugural será en Ferrol, o 23 de abril, co gallo do Día do Libro, onde ficará ata o 26 do mesmo mes. A continuación será a quenda de Santiago de Compostela, que terá lugar do 2 ao 10 de maio. En Lugo, pola súa banda, será do 13 ao 17 do mesmo mes, mentres que chegará ao Porriño do 14 ao 17 de maio.

No mes de xuño, Redondela acollerá a súa feira do 11 ao 14 de xuño, mentres que en Ourense será do día 17 ao 20. Xa no mes de xullo, Vigo abrirá o día 1, prolongándose ata o día 7, continuando en Pontearreas desde o día 9 ata o 12 e en Rianxo do 23 ao 26. Finalmente, en agosto, as feiras do libro viaxarán ata A Coruña, do 1 día ata o 10, Viveiro do día 13 ao 19, Foz do 20 ao 23, e rematarán en Monforte de Lemos, onde se celebrará do día 26 ao 29 de agosto.

Ademais, nesta edición, o ciclo busca fomentar a participación, mediante o debate, a conversa e a interacción directa entre creadores e público; a creatividade, incorporando

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

novas actividades como rutas literarias ou propostas interdisciplinarias, e o dinamismo, a través de recitais, intervencións artísticas e formatos áxiles.

Así mesmo, as feiras do Libro deste 2026 serán máis accesibles mediante programación pensada para públicos diversos, actividades inclusivas e un acceso á información máis claro e sinxelo, na liña da Lei de cultura inclusiva e accesible aprobada pola Xunta de Galicia.

### **Xornadas de formación para adaptarse ao mercado actual**

Por outra banda, o convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Federación de Librarías de Galicia tamén inclúe xornadas de formación para levar a cabo unha modernización continua, que lles permita adaptarse ás novidades do mercado. En concreto, procurarase que estean dirixidas á venda en liña, centrándose nos seus riscos e oportunidades.

Ademais, co fin de impulsar o libro galego e facilitar a participación de autores e creadores nas librarías, levaranse a cabo 30 actividades culturais en establecementos libeiros. Deste modo, poranse en marcha cinco clubs de lectura e tamén cinco encontros con escritores e escritoras, ao tempo que se realizarán un total de 20 sesións de contacontos.

Todas as propostas estarán relacionadas co libro galego, con autores galegos e, preferentemente, en lingua galega. Deste xeito, preténdese acadar un aumento da dinamización cultural e da nosa lingua, á vez que as librarías consoliden a consideración das actividades culturais como parte da súa actividade diaria.

### **Máis lectura de libros de lecer en Galicia**

Neste senso, cómpre salientar o papel das librarías no impulso do hábito lector, como o demostra a publicación do Barómetro de hábitos de lectura e compra de libros de España en 2025, en que se recolle que o 65,9 % de galegos e galegas le libros no seu tempo libre por ocio, establecéndose así como unha das comunidades en que máis subiu este índice nos últimos cinco anos.

Nesta mesma liña, débese poñer en valor o traballo do Goberno galego para seguir a impulsar o sector do libro mediante a posta en marcha do Plan de dinamización da lectura de Galicia con 115 medidas ata 2029 e un investimento de máis de 60 M €. A folla de ruta, a primeira destas características, busca seguir mellorando os hábitos lectores que sitúan á comunidade con índices superiores aos estatais e inclúen medidas de apoio a audiolibros en galego ou o fomento da adaptación de libros en lectura fácil.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**A XUNTA APOIA O CONCELLO DE PONTEAREAS CUNHA ACHEGA DE 200.000 € PARA A POSTA EN FUNCIONAMENTO DA PRAZA DE ABASTOS E A OBTENCIÓN DO SELO DE MERCADO EXCELENTE**

- O Consello de Goberno aprobou a colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e o municipio pontevedrés, enmarcada na folla de ruta para fortalecer a Rede de Mercados Excelentes e cun orzamento global de 350.000 €
- As intervencións abranguen a dotación de equipamentos e a execución das actuacións necesarias para a efectiva a apertura do mercado, incluíndo melloras nas instalacións, acondicionamento dos postos, accesibilidade e sistemas de control e seguridade
- Con estas actuacións, o espazo disporá das condicións para desenvolver a actividade comercial con criterios de modernidade, eficiencia e atractivo, co fin de acadar o selo de Mercado Excelente e contribuír á dinamización económica e social da contorna
- A iniciativa inscríbese no plan de impulso da Rede de Mercados Excelentes de Galicia, aprobado a semana pasada e dotado con máis de 23 M € ata 2030, co obxectivo de acadar 25 mercados certificados nese horizonte
- O programa, inserido no Plan estratéxico do comercio, recolle apoios autonómicos de ata o 70 % para promover cos concellos reformas ou melloras de gran calado nos mercados que cumpran os requisitos, na liña do avanzado coa Deputación de Ourense

O Consello da Xunta aprobou hoxe a colaboración da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración co Concello de Ponteareas, cunha achega autonómica de 200.000 euros destinada a impulsar a posta en funcionamento da súa praza de abastos, co obxectivo de acadar o selo de Mercado Excelente e reforzar a súa actividade comercial e o seu atractivo turístico. A actuación enmárcase no conxunto de medidas do vixente Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030 e na folla de ruta autonómica para fortalecer a Rede de Mercados Excelentes de Galicia. A través desta estratexia, a Xunta promove a colaboración coas entidades locais para avanzar cara a un modelo baseado na modernización, a innovación e a dinamización das prazas de abastos, preservando ao mesmo tempo a súa identidade tradicional e o seu papel como espazos de proximidade, co obxectivo de acadar os 25 mercados certificados en 2030.

Neste contexto, a intervención en Ponteareas –cun orzamento total de 350.000 euros, dos cales o Concello achegará 150.000– permitirá avanzar na fase final do proceso de apertura ao público do novo mercado municipal, completando as actuacións iniciadas en 2025 ao abeiro dun primeiro convenio entre a Xunta e o Concello, dotado con 800.000 euros para a rehabilitación e o deseño interior do edificio.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As actuacións previstas céntranse na dotación de equipamentos e na execución das melloras necesarias para garantir a apertura efectiva do mercado, incluíndo instalacións, acondicionamento de postos, melloras de accesibilidade e sistemas de control e seguridade. Deste xeito, o espazo contará coas condicións idóneas para desenvolver a actividade comercial en parámetros de modernidade, eficiencia e atractivo, coa finalidade última de acadar o selo de Mercado Excelente, distintivo que acredita a calidade, o prestixio e a capacidade de adaptación destes espazos aos novos retos do sector.

Ademais, a posta en marcha da praza contribuirá a revitalizar un espazo clave para a vida económica e social de Ponteareas, fomentando o consumo de produto local, reforzando o tecido comercial e consolidándose como punto de encontro para a veciñanza e foco de atracción para visitantes.

### **Plan de impulso da Rede de Mercados Excelentes de Galicia**

A actuación en Ponteareas encaixa na estratexia autonómica de apoio ás prazas de abastos como eixes do comercio de proximidade e da dinamización económica, favorecendo a súa adaptación aos novos hábitos de consumo mediante a modernización, a mellora dos servizos e o impulso da súa competitividade.

Neste marco, o Consello da Xunta aprobou a semana pasada o Plan de impulso da Rede de Mercados Excelentes de Galicia, dotado con máis de 23 M € ata 2030, co obxectivo de acadar 25 mercados certificados. A iniciativa establece apoios de ata o 70 % para actuacións de reforma, mellora e modernización, en colaboración cos concellos, e dá continuidade ao camiño iniciado coa Deputación de Ourense para o impulso das prazas de abastos nesta provincia, ao tempo que se reclama ao Goberno central unha maior colaboración e asignación de fondos europeos para reforzar o comercio local. Para acceder a estes apoios, as prazas deben contar, entre outros requisitos, cunha ordenanza municipal actualizada, unha diagnose das necesidades de mellora e un proxecto coherente orientado á excelencia, ademais de garantir o compromiso financeiro municipal. O plan reforza así o papel destes espazos como referentes do produto fresco de proximidade, da calidade comercial e do atractivo turístico das vilas e cidades galegas.

### **Compromiso da Xunta**

Este compromiso refórzase coa posta en marcha de campañas de sensibilización e dinamización, con iniciativas anuais como Quere o teu Mercado, en cuxa última edición participaron 63 mercados e preto de 2.550 praceiros/as nun total de 52 concellos galegos, ou Prato de Mercado, que seguirá potenciando en vindeiras datas a promoción das prazas de abastos como referentes do produto fresco de proximidade a través da cociña galega, poñendo en valor a estreita conexión das persoas profesionais da gastronomía e da hostalaría cos mercados na procura dun produto de calidade.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**A XUNTA APROBA A ACTUALIZACIÓN DO PLADIGA 2026, QUE PREVÉ O MAIOR INVESTIMENTO DA SÚA HISTORIA CON 213 M€**

- Esta cifra inclúe persoal, así como investimentos en prevención e extinción, e supón un 18 % máis de orzamento con respecto ao ano pasado
- Cabe sinalar que o Pladiga incorpora novos obxectivos específicos e está integrado por catro plans: o de prevención; o de detección, disuasión, investigación e medidas correctoras; o de extinción e o de formación
- No marco da prevención darase continuidade ao programa de divulgación para centros educativos e está previsto executar actuacións nunha superficie de 33.880,41 hectáreas de monte
- A maiores destes traballos preventivos, cómpre lembrar o convenio con Seaga para apoiar concellos e particulares na xestión da biomasa nas faixas secundarias, a través do cal se impulsará unha estratexia de aldeas preparadas fronte ao lume
- No plan de detección incorpóranse novidades tecnolóxicas, como a ampliación dun 30 % da rede de videovixilancia; a integración da IA no sistema interno de xestión e a creación dunha app para que a cidadanía poida alertar dos incendios forestais
- En relación cos medios humanos, refórzase a UDEX, especializada en grandes incendios forestais, que pasa de 6 a 15 membros; e incorpóranse 42 novas brigadas para a tempada de alto risco
- No eido dos medios materiais, sumaranse 16 novos bulldózers para labores preventivos e máis medios aéreos, con dous novos avións de carga en terra, un de coordinación e un helicóptero pesado
- Outras novidades incluídas nos obxectivos específicos é o reforzo dos convenios para a constitución de brigadas de prevención en mancomunidades, así como o impulso do desenvolvemento dun proxecto piloto orientado a reforzar a colaboración das comunidades de montes veciñais en man común

O Consello da Xunta aprobou hoxe a actualización do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais (Pladiga) correspondente ao ano 2026, tras ser presentado ante o Consello Forestal do pasado 27 de marzo, e que recolle o maior investimento da súa historia cun montante total de algo máis de 213 millóns de euros, incluíndo persoal, así como investimentos en prevención e extinción, o que supón un 18 % máis con respecto ao ano pasado. Cabe sinalar que o Pladiga incorpora novos obxectivos específicos e está integrado por catro plans: o de prevención; o de detección, disuasión, investigación e medidas correctoras; o de extinción e o de formación

No marco do plan de prevención, darase continuidade ao programa de divulgación para centros educativos cun mínimo de 300 charlas dirixidas especialmente aos escolares das contornas rurais. Seguindo esta liña, apostarase de novo pola publicación *Os bolechas. Os incendios forestais*, para concienciar os escolares.

No eido das actuacións preventivas, está previsto actuar nunha superficie de 33.880,41 hectáreas, nas cales se prevén traballos en áreas cortalumes, creación de faixas auxiliares, mellora de pistas forestais e queimas prescritas, así como as accións

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

enmarcadas dentro das subvencións para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios e nas colaboracións con entidades locais. A maiores destes traballos preventivos, cómpre lembrar que a Consellería do Medio Rural conta cun convenio para a xestión da biomasa nas faixas secundarias asinado coa empresa pública Seaga, a través do cal se lles presta apoio a administracións locais e propietarios para cumprir coas súas obrigas. Este convenio conta cun orzamento de 25 millóns de euros anuais, o dobre que o ano pasado.

Ao abeiro desta colaboración impulsarase -aínda máis- unha estratexia de aldeas preparadas fronte ao lume, impartindo charlas informativas nas parroquias priorizadas e naquelas catalogadas como de alta actividade incendiaria. O obxectivo é dar información sobre a necesidade dunha axeitada xestión das faixas secundarias por parte dos propietarios, así como unha serie de consellos de autoprotección en caso de incendio.

### **Plan de detección, disuasión, investigación e medidas correctoras**

O Plan de detección, disuasión, investigación e medidas correctoras incorpora nesta actualización importantes novidades tecnolóxicas. Entre elas, salienta a ampliación dun 30 % da rede de videovixilancia, que chegará a 241 cámaras en 111 localizacións, e a introdución da intelixencia artificial no sistema interno de xestión, co fin de detectar de forma automática e inmediata fume e focos iniciais do incendio. Crearase tamén unha aplicación móbil, complementaria á canle do 085, para que a cidadanía poida alertar sobre calquera incendio forestal. Ademais, disporase de tres drones de vixilancia de última xeración que actuarán, principalmente, nas zonas de difícil acceso.

O mencionado plan inclúe, do mesmo xeito, as novas incorporacións relacionadas coa lista de parroquias de alta actividade incendiaria (PAAI). Neste ano saen dúas parroquias -Santigoso no concello ourensán da Mezquita e Pardo de Limia, en Muíños- e incorpóranse 11. Tendo isto en conta, o número total de PAAI en 2026 é de 35, das cales 24 repiten respecto á lista do ano pasado. En 2025 a cifra de PAAI era de 26.

### **Plan de extinción**

Por outra banda, o Plan de extinción recolle, entre outras cuestións, os medios humanos e materiais e a súa distribución territorial. O dito plan recolle importantes novidades de cara a este 2026, como son o reforzo da Unidade de Directores de Extinción, especializada en grandes incendios forestais, que pasa de 6 a 15 membros; ou a incorporación de 42 novas brigadas, de catro compoñentes cada unha, pensadas para reforzar o dispositivo durante a tempada de alto risco de incendios. En total, o dispositivo estará integrado un ano máis por máis de 7.000 persoas, contabilizando tanto os profesionais propios da Xunta como os adscritos a outras administracións.

No eido dos medios materiais, sumaranse 16 novos bulldózers para labores preventivos e seguirase a avanzar na mellora das infraestruturas, con actuacións nas bases aéreas existentes e na construción doutras novas, como a base de helicópteros de Lalín ou o aeródromo de Valga. Refórzanse os medios aéreos con dous novos avións de carga en

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

terra, un de coordinación e un helicóptero pesado. En total, serán 24 os dependentes da Consellería, aos cales cómpre sumar os do Goberno central. En terra haberá unhas 380 motobombas e vehículos pesados, contabilizando tanto as da Xunta como as municipais.

### **Plan de formación**

No eido da formación, o obxectivo é seguir a liña dos últimos anos e afondar na mellora da profesionalización e seguridade do persoal para conformar un dispositivo máis eficiente e capacitado para afrontar as novas tipoloxías de incendios forestais. Neste ano están previstos cursos monográficos, accións de adestramento do persoal e iniciativas formativas para medios das entidades locais e tamén dirixidas á poboación. Todo isto conta cun orzamento conxunto de preto dun millón de euros.

### **Obxectivos específicos**

Dentro dos obxectivos específicos incluídos no Pladiga procúrase, entre outras cuestións, consolidar os convenios para a constitución de brigadas de prevención e defensa contra os incendios forestais en mancomunidades de concellos durante seis meses ao ano, así como impulsar o desenvolvemento dun proxecto piloto orientado a reforzar a colaboración da poboación local de cara á vixilancia contra os incendios forestais das comunidades de montes veciñais en man común.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AMPLÍA A SÚA COLABORACIÓN COAS MANCOMUNIDADES DA PROVINCIA DE OURENSE COA CONSTITUCIÓN DE SEIS NOVAS BRIGADAS PARA PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS**

- En total serán 22 as brigadas distribuídas en seis mancomunidades: O Ribeiro, Terra de Celanova, Comarca do Carballiño, Comarca de Verín, Comarca de Ourense e Santa Águeda, estas dúas últimas son novas incorporacións
- A Consellería do Medio Rural investirá algo máis de 1,9 millóns de euros na conformación destas brigadas, que estarán operativas ao longo de seis meses
- Executarán actuacións en materia de vixilancia e defensa de lumes, así como labores de prevención, tanto de xeito manual como mecanizado
- Esta iniciativa enmárcase no protocolo de cooperación que a Consellería do Medio Rural mantén coa Deputación de Ourense e a través do cal en 2025 traballaron 16 brigadas e entregouse maquinaria para prevención e extinción

A Consellería do Medio Rural, no marco do protocolo de colaboración coa Deputación Provincial de Ourense, amplía a súa colaboración coas mancomunidades municipais da provincia para afondar na prevención de incendios forestais coa constitución de seis novas brigadas. En total serán 22 as brigadas que se distribuirán en seis mancomunidades: O Ribeiro, Terra de Celanova, Comarca de Verín, Comarca do Carballiño, Comarca de Ourense e Santa Águeda, sendo estas dúas últimas novas incorporacións, as cales contarán con catro e dúas respectivamente. Así o recolle o proxecto de acordo elevado hoxe ante o Consello da Xunta.

A constitución destas brigadas suporá este ano un investimento de algo máis de 1,9 millóns de euros por parte da Consellería do Medio Rural, cofinanciados parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC (PEPAC) 2023-27. As brigadas, que estarán conformadas por cinco ou catro compoñentes, executarán actuacións en materia de vixilancia e defensa de lumes, así como labores de prevención, tanto de xeito manual como mecanizado. Desenvolverán estas tarefas durante seis meses, desde o 4 de maio ata principios do mes novembro deste mesmo ano.

Esta actuación enmárcase no protocolo de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Deputación de Ourense para o desenvolvemento de actuacións conxuntas dirixidas ao mantemento e á conservación de infraestruturas preventivas e da contorna agroforestal para a prevención e defensa contra os lumes forestais nesta provincia. Neste sentido, o ano pasado promoveuse a constitución de 16 brigadas nas mancomunidades do Ribeiro, Terra de Celanova, Comarca de Verín e Comarca do Carballiño a través dun programa piloto que deu resultados positivos, polo que agora se reforza a cooperación, en liña cun dos obxectivos estratéxicos introducidos na actualización do Pladiga 2026.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A través desta colaboración, en 2025 entregáronse catro máquinas hidrostáticas polivalentes, útiles tanto para tarefas de prevención como de extinción, para cada unha destas mancomunidades. Así mesmo, tamén se ofreceu formación para o persoal destas brigadas no Centro de Loita Integral contra o Lume de Toén. Cómpre engadir que, este mesmo ano, se fixo entrega de 12 novos tractores con rozadora para os concellos que as integran, tractores que foron adquiridos pola Deputación de Ourense.

Por outra banda, cómpre lembrar que a Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece que as administracións públicas de Galicia colaborarán entre si e cooperarán nas tarefas de prevención e loita contra os incendios forestais.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA CREA A REDE DE CONCELLOS BANDEIRA VERDE CO OBJECTO DE FOMENTAR A COOPERACIÓN LOCAL E O IMPULSO DE BOAS PRÁCTICAS EN MATERIA AMBIENTAL**

- Nos próximos días convocarase a sétima edición do galardón Bandeira Verde de Galicia, que inclúe a posta en marcha deste novo órgano que busca ter un efecto sinérxico e crear un marco para o intercambio de experiencias a nivel municipal
- Trátase dunha iniciativa que nace co fin de aumentar o recoñecemento do distintivo creado pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático en 2020, así como difundir o compromiso ambiental dos concellos e ofrecer apoio técnico e outras vantaxes aos seus membros
- Entre as novidades da nova convocatoria destaca a simplificación dos requisitos exixidos e dos criterios de avaliación por parte do xurado para garantir unha valoración máis obxectiva e áxil
- A consolidación da Bandeira Verde como un galardón cada vez máis apreciado entre o municipalismo galego confirmase co feito de ter pasado de apenas dous concellos premiados na primeira edición a máis de 30 o ano pasado

O Consello da Xunta foi informado hoxe da creación da Rede de concellos Bandeira Verde de Galicia, un instrumento de coordinación e cooperación a nivel local que canalizará o intercambio de experiencias e coñecemento en materia ambiental e servirá para incentivar o impulso de boas prácticas tanto entre os seus membros como noutros municipios que tomen as súas accións como referencia.

Esta nova figura será unha das novidades incluídas na próxima convocatoria do galardón Bandeira Verde de Galicia, que este ano cumpre a súa sétima edición e foi creado pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático en recoñecemento ao esforzo e ao traballo daqueles concellos que demostran un compromiso especial e activo coa protección da paisaxe e o ambiente.

Co obxectivo de dar un paso máis na consolidación deste distintivo, a orde deste ano crea a Rede de concellos Bandeira Verde de Galicia como espazo estable de encontro e intercambio de sinerxías. Os obxectivos xerais deste instrumento, que se concretarán cando se constitúa formalmente, son aumentar o recoñecemento e prestixio do distintivo Bandeira Verde, difundir o compromiso ambiental dos concellos, ofrecer apoio técnico e outras vantaxes aos seus membros, así como servir de referente e estímulo para que outras entidades locais aposten polas políticas ambientais.

A previsión é que nos próximos días se publique no *Diario Oficial de Galicia* a convocatoria da Bandeira Verde de Galicia 2026, aberta á participación de todos os concellos e que fixará como prazo límite para a presentación de candidaturas o próximo 29 de maio.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As entidades locais interesadas en optar a este recoñecemento, ademais de destacaren as boas prácticas ambientais levadas a cabo en xeral nos seus municipios, poderán acreditar como méritos actuacións realizadas en seis eidos concretos: urbanismo e planificación inclusiva, patrimonio e mobilidade; protección, xestión e ordenación da paisaxe; cambio climático e sostibilidade ambiental; patrimonio natural e infraestrutura verde; xestión de auga e de residuos, e educación ambiental, participación cidadá e gobernanza.

Entre as novidades desta convocatoria da Bandeira Verde de Galicia cómpre subliñar que, por un lado, se simplifican os requisitos exixidos e a documentación que terán que presentar os concellos para acreditaren o seu compromiso coa protección da contorna e as boas prácticas ambientais e por outro, redúcense os criterios de avaliación por parte do xurado para garantir unha valoración dos méritos máis obxectiva e áxil.

Ao igual que en anos anteriores, dispoñer deste distintivo suporá tamén para as entidades locais un mérito adicional para os efectos de obter algunha das subvencións que convoca cada ano a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático para financiar actuacións en materia de residuos de competencia municipal ou iniciativas relacionadas coa protección e o coidado do patrimonio natural.

A modo de exemplo, os concellos que acrediten ter a Bandeira Verde no momento en que soliciten axudas para construír ou mellorar puntos limpos fixos, implantar instalacións móbiles deste tipo ou impulsar proxectos de reciclaxe nos seus municipios, entre outras, recibirán unha puntuación adicional cando se valore o seu expediente.

Ademais das vantaxes no acceso a certas subvencións, os concellos galardoados poderán utilizar e lucir a bandeira durante un ano como símbolo e recoñecemento expreso ao seu compromiso ambiental. De feito, a Consellería traballa nestes momentos precisamente na actualización da imaxe de marca deste distintivo co fin de reforzar a súa identidade e adaptalo a outras accións susceptibles de ser destacadas por parte dos concellos.

### **Iniciativa enmarcada na Lei de protección da paisaxe**

Cómpre subliñar que esta iniciativa, posta en marcha en 2020, vai na liña dos principios inspiradores da Lei de protección da paisaxe de Galicia e enmárcase ademais na aposta decidida do Goberno galego polo *fermosismo*. O obxectivo principal do Instituto de Estudos do Territorio, organismo responsable da creación e xestión do distintivo, é recoñecer o traballo daquelas entidades locais que no marco das súas competencias destaquen polas súas boas prácticas ambientais e a prol da conservación da paisaxe.

De feito, a Lei de protección da paisaxe establece que a Xunta impulsará a cooperación con todas as administracións públicas con competencias no territorio, especialmente coas locais, co fin de promover o desenvolvemento de políticas comúns, debidamente coordinadas e programadas, que aseguren o cumprimento dos seus fins.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste sentido, a de 2026 é a sétima convocatoria consecutiva que se fai da Bandeira Verde de Galicia, un galardón que ademais do xa sinalado aspira a servir tamén de correa de transmisión entre o traballo das administracións locais e a implicación da veciñanza no coidado das súas contornas, incidindo en que tanto concellos como cidadáns deben estar comprometidos na preservación dos elementos naturais e paisaxísticos que os rodean.

Tras varios anos de traxectoria, a evolución tanto no número de candidaturas como de distintivos outorgados confirman a consolidación da Bandeira Verde de Galicia como un galardón cada vez máis apreciado entre o municipalismo. De feito, cómpre lembrar que se pasou de apenas dous concellos premiados na primeira edición de 2020 (O Porto do Son e Moaña) a un total de 33 no marco da convocatoria do ano pasado.

Precisamente, esa consolidación do distintivo e das vantaxes que supón para os concellos ser recoñecidos polo seu compromiso medioambiental aconsellaban dar un paso máis e avanzar cara a un modelo que permita consolidar e mesmo amplificar o seu impacto no territorio a través dun instrumento estable e de coordinación como a nova Rede de concellos Bandeira Verde de Galicia.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **GALICIA PROHIBIRÁ GRAVAR AS CLASES SEN AUTORIZACIÓN E A DIFUSIÓN DOS EXAMES DOS ALUMNOS EN REDES SOCIAIS**

- Rueda destaca que o Consello da Xunta analiza o contido da futura Lei de educación dixital, cuxo anteproxecto será sometido nos próximos días ao proceso de exposición pública
- Así mesmo, restrínxese o uso pedagóxico dos teléfonos móbiles ata de 3º de ESO, pois ata o de agora ese uso está permitido para todas as etapas
- Sinala que o obxectivo das novas medidas anunciadas hoxe é que a actividade educativa se desenvolva de modo privado, protexendo tanto o alumnado como o profesorado
- A futura norma en tramitación estenderá á contorna dixital a condición de autoridade pública do profesorado que xa opera actualmente na aula
- Ademais, límitase o uso de dispositivos dixitais individuais ata 5º de primaria, regúlase os usos autorizados e vetados da IA e os horarios de conexión fóra da aula
- Subliña que a lei, pioneira a nivel estatal, exercerá como un pilar fundamental na consolidación do modelo galego de ensino híbrido e da regulación de dereitos e deberes neste eido

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, salientou hoxe que a futura Lei de educación dixital de Galicia prohibirá a gravación das clases sen autorización por parte das familias, dos alumnos ou de terceiras persoas alleas ao persoal docente. Así o recolle o anteproxecto, cuxa redacción vén de ser rematada, e que hoxe analizou o Consello da Xunta para proceder á súa exposición pública nos vindeiros días.

Segundo afirmou o presidente, este é un dos últimos pasos, xunto coa elaboración dos informes pertinentes, para a súa validación definitiva e remisión ao Parlamento para o seu debate e aprobación, algo que está previsto levar a cabo “antes de que remate este ano”.

Rueda sinalou que “xa temos moito camiño andado” e que esta norma, pioneira a nivel estatal, recolle no seu articulado as condicións de gravación das sesións educativas e a docencia virtual, facendo fincapé no dereito do profesorado a exercer a súa actividade docente en condicións de respecto e seguridade nas contornas dixitais, do mesmo modo que acontece nas contornas físicas da aula e do centro.

O titular do Executivo galego salientou que a lei establece que, “salvo autorización expresa”, queda prohibida a gravación en audio ou vídeo das sesións da clase, titorías ou calquera outra actividade docente, tanto se son presenciais coma se se desenvolven por medios virtuais. Esta prohibición operará para alumnos, familias e terceiras persoas alleas ao persoal docente. Queda prohibida tamén a súa reprodución ou difusión mediante redes sociais, servizos de mensaxaría instantánea ou calquera outro medio dixital. Especificase, ademais, que tales condutas poderán ser obxecto de medidas

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

correctoras ou sancións cando se considere que vulneran a privacidade, a imaxe ou outros dereitos de membros da comunidade escolar.

Non obstante, poderanse gravar clases e actividades con finalidade didáctica unicamente ou de seguimento académico, garantindo en todo caso o respecto aos dereitos fundamentais das persoas participantes. O presidente indicou que isto está pensado para casos "moi concretos" como, por exemplo, un alumno cego que non pode seguir a clase e pide gravala para despois seguila na casa, ou clases de instrumentos nos conservatorios.

### **Teléfonos móbiles**

Por outra parte, a norma tamén reforzará a prohibición dos teléfonos móbiles nos centros educativos, unha medida pioneira no seu momento. Segundo explicou o presidente, ata o de agora estaba prohibido o emprego dos dispositivos en todo o recinto escolar, pero permitíase o seu uso pedagóxico en todas as etapas educativas, cuestión que agora se acouta a partir de 3º de ESO.

Así mesmo, a lei blindará que a actividade educativa dos estudantes se desenvolva en modo privado, garantindo que o proceso se realice en condicións de dignidade, privacidade e respecto no ámbito dixital. Neste senso, o profesorado non poderá utilizar, a título individual, en redes sociais ou medios dixitais persoais, imaxes, voz nin outros datos persoais do alumnado derivadas de actividades escolares, incluídos os exames, complementarias ou extraescolares, agás que exista autorización expresa.

Da mesma maneira, queda prohibida a difusión de contidos, tarefas, imaxes, voz ou calquera outro material que poida menoscabar a dignidade, a intimidade ou os dereitos dos alumnos, especialmente cando se realice a través de redes sociais ou medios dixitais alleos ao ámbito institucional do centro educativo.

### **Autoridade pública do profesorado**

Por outra parte, Rueda destacou que se estende "á contorna dixital a condición de autoridade pública do profesorado" que xa opera na aula. A partir da entrada en vigor da nova Lei de educación dixital, esta condición recoñecida xa na Lei de convivencia e participación da comunidade educativa será igualmente aplicable ás interaccións e actividades que o profesorado desenvolva a través de medios dixitais no exercicio das súas funcións docentes.

Neste senso, considerarase que o profesorado actúa no exercicio da súa autoridade pública en contornas dixitais cando a comunicación ou interacción en liña teña a súa orixe ou estea vinculada coas funcións educativas e orientadoras e que se realice a través de plataformas, ferramentas ou medios dixitais, habilitados, facilitados ou recoñecidos polo centro ou a Administración educativa, para fins docentes ou formativos.

### **Consolidación do modelo híbrido**

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A futura Lei de educación dixital de Galicia exercerá como un pilar fundamental na consolidación do modelo galego de ensino híbrido, onde se combinan os recursos físicos coas novas tecnoloxías de maneira que ambas convivan en harmonía e se complementen co fin de garantir a mellor formación do alumnado. Responde, ademais, ao obxectivo da Xunta de dotar o alumnado galego de competencias dixitais, que son básicas para desenvolverse na sociedade actual e facelo dun xeito seguro, crítico e competitivo.

Deste xeito, Rueda apuntou que Galicia convértese na primeira comunidade autónoma en regular os usos permitidos e prohibidos da intelixencia artificial na educación, facendo fincapé en que poderán empregarse os sistemas de IA cun carácter auxiliar ou de apoio na toma de decisións educativas, pero sempre baixo supervisión humana.

Ademais, a través desta lei, Galicia convértese tamén na primeira Comunidade Autónoma en regular o dereito á desconexión dixital do alumnado fóra do horario lectivo. Por outra parte, adecuarase o uso da tecnoloxía nas aulas en función da etapa educativa e a madurez do alumnado. Así pois, o uso dos medios dixitais en Infantil e nos dous primeiros ciclos de Primaria limitarse a un uso colectivo e o uso individual comezará a partir de 5º de Primaria.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 11 M € EN DEZ UNIDADES MIXTAS DE INVESTIGACIÓN ENTRE EMPRESAS E CENTROS DE I+G+I

- A Consellería de Ciencia resolve unha liña de apoio que facilitará a creación de sete novas unidades e permitirá a tres xa existentes evolucionar de fase
- As tres universidades públicas e diversos centros tecnolóxicos desenvolverán, en colaboración con empresas galegas, proxectos punteiros en eidos como a saúde, a alimentación, a enerxía, a mobilidade sostible, a acuicultura ou o naval
- Con esta resolución está en marcha o 100 % do investimento do programa Activa I+G+i convocado en 2025 pola Xunta e que conta cun orzamento de máis de 41 M €

A Xunta de Galicia apoiará dez unidades mixtas de investigación cun investimento de máis de 11 M € que amplían o alcance desta iniciativa, unha das máis consolidadas da I+G+i, a ciencia e a innovación feitas en Galicia. A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP elevou hoxe un informe a Consello sobre a resolución desta liña de axudas que facilita a creación de alianzas entre empresas e centros de coñecemento.

En concreto, o Goberno galego facilitará a creación de sete novas unidades mixtas e tamén que outras tres xa existentes -beneficiarias de edicións anteriores- evolucionen de fase unha vez acadados os obxectivos iniciais. O seu labor desenvolverase en eidos como a saúde, a alimentación, a enerxía, a mobilidade sostible, a acuicultura ou o naval. En conxunto, agárdase unha mobilización de capital público-privado de máis de 27,6 M €.

O obxectivo destes consorcios estratéxicos é contribuír á creación de emprego cualificado, impulsar a transferencia de coñecemento ao tecido empresarial, atraer empresas foráneas a Galicia, desenvolver as capacidades dos organismos de investigación galegos en sectores punteiros e mellorar a competitividade das empresas.

#### **Sete novas unidades mixtas**

No ámbito da saúde, desenvolveranse dúas unidades mixtas de investigación: unha entre a Universidade de Santiago de Compostela e Sunrock Biopharma para o desenvolvemento de terapias biolóxicas, que conta cun orzamento de 2,73 M € e unha axuda pública de máis de 1,09 M €, e outra entre a Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS) e as empresas Biodigital Tech e Edisa Sistemas de Información para o desenvolvemento e validación clínica de intelixencia artificial aplicada á saúde, cun orzamento de 1,9M € e unha axuda de 0,77M €.

No eido da alimentación, apóiase a alianza entre a Universidades de Vigo, Coren e Sertogal para desenvolver estratexias para mellorar a sustentabilidade e a calidade en avicultura de carne, cun orzamento de 4,39 M € e unha subvención de 1,76 M €.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No campo da enerxía, creárase unha unidade mixta entre o ITG (Instituto Tecnolóxico de Galicia), Naturgy Innovahub e Flything Technologies para desenvolver a plataforma integrada Power-to-X para produción de vectores enerxéticos a partir de residuos. A iniciativa está dotada cun orzamento de 2,46 M € e unha axuda de 0,98 M €.

No sector da mobilidade sostible, apóiase a unidade mixta entre o CTAG (Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia) e as empresas Begas Motor e Kinergy Fuel Cell para desenvolver sistemas e tecnoloxías de control avanzado para solucións de mobilidade baseadas en H<sub>2</sub>, cun orzamento de 2,16 M € e unha axuda de 0,86 M €.

Para rematar, no ámbito da acuicultura impúlsase a alianza entre o Instituto de Investigacións Mariñas, un centro do CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas) con sede en Galicia, e as empresas Octolarvae e o Instituto para o Crecemento Sostible da Empresa para o desenvolvemento da acuicultura rexenerativa en Galicia, que conta cun orzamento de 2 M € e unha axuda de 0,8 M €.

### **Evolución de proxectos anteriores**

Ademais de unidades de nova creación, a convocatoria apoia a consolidación de unidades mixtas existentes. A través desta liña, apóiase a consolidación da unidade mixta Greco II, creada entre o centro tecnolóxico CTAG e as empresas Centro Tecnolóxico do grupo Copo e Unimate Robótica para o desenvolvemento de tecnoloxías verdes e intelixentes para produtos e procesos sustentables no sector da automoción. Contará para iso cunha dotación de 2,34 M € e unha axuda da Xunta de 0,94 M €.

Por último, na última fase, apóiase no sector naval a consolidación do centro mixto de investigación do Campus de Ferrol *O estaleiro do futuro* entre a Universidades da Coruña e as empresas Navantia e Stgo Diseño y Multimedia, dotado con 4,1 M € e 1,64 M € de axuda. Tamén a creación dun centro mixto entre CTAG e Borgwarner e Little Electric Car España, no sector da automoción, para investigar en módulos térmicos para vehículos eléctricos resilientes e innovadores, cun orzamento de 3,62 M € e 1,45 M € de axuda pública.

### **Programa Activa I+G+i en marcha**

Desde a posta en marcha desta iniciativa no ano 2014, o programa apoiou un total de 64 unidades mixtas ao longo de oito edicións (46 novas, 13 de consolidación e 5 centros mixtos de investigación), en que participaron 52 empresas e 16 centros de coñecemento galegos que mobilizaron máis de 180 M €. Entre as novidades desta convocatoria, cofinanciada con fondos europeos no marco do Plan Galicia Feder 2021-2027, destaca que as agrupacións deben contar polo menos cunha pequena ou mediana empresa.

Logo da aprobación do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027, esta liña de axudas enmárcase no programa Activa I+G+i de apoio á colaboración entre empresas e á transferencia efectiva de resultados, ao cal a Xunta destina máis de 41 M € mediante catro grandes convocatorias co obxectivo de contribuír a Galicia Calidade.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As catro liñas foron convocadas en 2025 e están xa resoltas, financiando proxectos en marcha: Nexos (22,6 M €), Fortalecemento de centros tecnolóxicos (6 M €), Recuperación de excelencia Neotec (1,6 M €) e, agora, Unidades Mixtas de Investigación (11,05 M €).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA E A FUNDACIÓN CATEDRAL RENOVAN A SÚA ALIANZA PARA RECUPERAR O PATRIMONIO EN MADEIRA DA BASÍLICA COMPOSTELÁ**

- O Consello da luz verde a un convenio de colaboración que permitirá restaurar a balaustrada do ciborio e a estrutura de madeira da Torre do Reloxo, así como a construción dun novo xugo para a campá Berenguela
- O CIS-Madeira achegará o seu coñecemento en aspectos relacionados coa diagnose, a recuperación de estruturas, así como o acompañamento durante os traballos

O Consello da Xunta deu luz verde á renovación do convenio de colaboración entre o Goberno galego, a través da Axencia Galega da Industria Forestal (Xera), dependente da Consellería de Economía e Industria, e a Fundación Catedral, para a posta en valor do patrimonio cultural en madeira do templo compostelán. Este novo convenio de colaboración entre as dúas institucións permitirá recuperar a balaustrada do ciborio e a estrutura de madeira da Torre do Reloxo, así como a construción dun novo xugo para a campá Berenguela.

O convenio, sen custo económico e cunha vixencia de catro anos prorrogables ata un máximo de oito, promoverá a transferencia de coñecemento do Centro de Innovación e Servizos Tecnolóxicos da Madeira (CIS-Madeira), dependente da Xera, en aspectos relacionados coa diagnose, a recuperación de estruturas e recomendacións de intervención, así como o acompañamento durante a execución dos traballos. Neste marco, prevese tamén a organización e participación en xornadas técnicas, cursos e talleres formativos sobre diagnose e rehabilitación de estruturas antigas en madeira.

Esta é a segunda ocasión en que Xunta e Fundación Catedral se alían para estudar, recuperar, conservar, promocionar e difundir o patrimonio construtivo en madeira da Catedral de Santiago de Compostela empregando as técnicas e tecnoloxías máis axeitadas, promovendo a innovación con propostas que garantan a durabilidade e procurando solucións aos problemas detectados.

O acordo anterior, subscrito en 2018, favoreceu a restauración do baldaquino (na capela maior) con vigas de madeira de castiñeiro da mesma idade que as orixinais, así como os xugos de carballo das campás A Maior e A Prima Salomé (na Torre das campás). Ademais, interveuse tamén nas capelas absidais da cabeceira do templo -A Branca, Mondragón e O Pilar- mediante estruturas de madeira de castiñeiro. A maiores, restaurouse a cuberta de madeira de carballo de Santa María A Antiga da capela da Corticela.

Cómpre lembrar que o CIS-Madeira é un centro especializado nos diferentes usos deste elemento natural e que, entre outras actividades, leva a cabo proxectos de investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i), asistencia técnica e formación de profesionais no eido da construción con madeira, tanto no ámbito da rehabilitación e do patrimonio,

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

como en obra nova. No ámbito da rehabilitación, desenvolve diversos proxectos de investigación en aspectos como a calidade estrutural da madeira antiga ou os sistemas de reforzo e reparación de elementos estruturais.

Con este novo acordo, a Xunta amosa a súa aposta polo uso da madeira como material estratéxico no eido construtivo, especialmente nun contexto de descarbonización, onde esta materia prima abre un mundo de posibilidades a unha nova economía máis sostible e de alto valor engadido.

Cómpre lembrar que o Goberno galego leva destinado nos últimos oito anos máis de 110 millóns de euros en axudas para empresas da cadea forestal-madeira. Apoios específicos a través das liñas Xera-Tecno, Xera-Valor ou Xera-Savia, que están aliñadas cos obxectivos do futuro Plan director do sector, que se prevé que estea aprobado no primeiro semestre deste ano.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DÁLLE LUZ VERDE Á LICITACIÓN DAS OBRAS DE PROTECCIÓN CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA NA ESTRADA AC-211, NO CONCELLO DE CAMBRE**

- A actuación, que suporá un investimento de máis de 420.000 euros, mellorará as características urbanas nun treito de medio quilómetro de lonxitude desta vía de titularidade da Xunta, co fin de mitigar o ruído ambiental procedente do tráfico
- Actuarase entre a intersección coa N-VI e ata o quilómetro 0+500 da AC-211, onde se realizarán distintas actuacións de mellora de firme, entre as que destacan a aplicación dunha capa de firme fonoabsorbente
- Proponse o repintado das marcas viarias e a diminución do ancho dos carrís a 3,3 metros, a redución da velocidade a 30km/h que permitirá o calmado do tráfico, e a renovación das beiravías exteriores e aparcadoiros existentes
- Tamén se prevé a mellora dos itinerarios peonís e a parada de bus existente neste treito AC-211, coa finalidade de fomentar os traxectos a pé e diminuír o uso de vehículos particulares, o que implica unha redución do ruído
- O Executivo autonómico licitará nas vindeiras semanas estas obras

O Consello da Xunta deulle hoxe luz verde á licitación das obras de protección contra a contaminación acústica na estrada autonómica AC-211, no concello de Cambre.

O obxectivo deste contrato, que suporá un orzamento de máis de 420.000 euros (423.393,21 €), é a execución das obras para a mellora das características urbanas nun treito de medio quilómetro de lonxitude desta vía, co fin de mitigar o ruído ambiental procedente do tráfico, que acada unha intensidade media diaria de algo máis de 16.500 vehículos, ao seu paso por este tramo do municipio coruñés.

Trátase dunha intervención impulsada pola Xunta no marco do traballo levado a cabo pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, de xestión do ruído xerado polas estradas de titularidade autonómica, baseada na elaboración de mapas estratéxicos de ruído e os seus correspondentes plans de acción contra a contaminación acústica da rede autonómica de estradas de Galicia.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas licitará nas vindeiras semanas esta obra. O prazo de execución das obras é de seis meses.

#### **A actuación**

A estrada AC-211 é unha vía dunha soa calzada que consta dun carril por sentido, de ancho variable e cunha velocidade xenérica de 40-50 km/h. No treito de actuación, a sección tipo total actual é variable, xa que existen varios treitos

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

con carril central de espera para realizar xiros. Consta de dous carrís, un por cada sentido, con aparcamento en liña e en batería en varias zonas. En gran parte do treito atópase instalada unha mediana axardinada que separa ambos os carrís.

En concreto, para resolver a problemática acústica, actuarase no treito entre o punto quilométrico 0+000, na intersección coa N-VI, ata o p.q. 0+500 da estrada AC-211, mediante a renovación do firme existente.

Para isto, realizaranse distintas actuacións no firme deste treito da AC-211, entre as que destacan actuacións nas zonas onde se presenten maiores deficiencias, en que se inclúe unha capa de firme fonoabsorbente.

Baixo este contrato, levarase a cabo tamén o repintado das marcas viarias, diminuindo o ancho dos carrís a 3,3 metros, que xunto coa redución da velocidade a 30 km/h permitirá o calmado do tráfico existente.

Na intervención incluírase a renovación das beiravías exteriores e aparcadoiros existentes

Tamén se prevé a mellora dos itinerarios peonís e a parada de bus existente neste treito AC-211, coa finalidade de fomentar os traxectos a pé e diminuír o uso de vehículos particulares, o que comporta unha redución do ruído.

A totalidade dos terreos por onde se desenvolven as actuacións atópanse dentro da liña e dominio público, non realizando ningún tipo de ocupación das propiedades lindeiras, e non é necesaria a realización de expropiacións.


Estas actuacións da Xunta financiaranse con cargo a fondos do Programa operativo Feder 21/27.

Treito da actuación:


INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Planta das actuacións:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**GALICIA E O NORTE DE PORTUGAL IMPULSAN O PROXECTO EQUIO PARA A CREACIÓN DA PRIMEIRA REDE CONXUNTA DE ATENCIÓN ONCOLÓXICA, CENTRADA NOS CANCROS DE PULMÓN E COLORRECTAL**

- A Consellería de Sanidade e o principal centro oncológico portugués, o IPO Porto, desenvolverán durante 3 anos esta iniciativa, que conta cun orzamento de 1,96 M € cofinanciado con fondos europeos de cooperación
- O obxectivo central é avanzar cara a un acceso equitativo ao diagnóstico, tratamento e seguimento do cancro no territorio da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal
- Constituirase un grupo de expertos para cada tipo de tumor, con profesionais de ambos os países, que definirán estándares comúns para todo o proceso asistencial, desde o diagnóstico ao tratamento e o seguimento
- Crearase un comité molecular de tumores transfronteirizo para o diagnóstico molecular de tumores avanzados, así como a consolidación de procedementos que permitan a participación de pacientes de ambos os países en ensaios clínicos con terapias innovadoras
- Porase en marcha un proxecto piloto común para a análise molecular avanzada para cancro metastático sen alternativa terapéutica nos protocolos habituais con que se agarda chegar a unhas 500 persoas en tres anos
- Crearase un campus de formación en oncoloxía para a rexión transfronteiriza, que ofrecerá capacitación continua ao persoal sanitario sobre os últimos avances en diagnóstico, tratamentos e uso das vías clínicas

O Consello da Xunta deulle hoxe luz verde ao Proxecto Equio, co que Galicia e a Rexión Norte de Portugal impulsan a posta en marcha da primeira rede transfronteiriza de atención integral oncolóxica. O informe abordado na reunión semanal do Goberno galego detalla o traballo que a Consellería de Sanidade e o principal centro oncológico portugués, o IPO Porto, desenvolverán ao longo de tres anos cun investimento de 1,96 M € cofinanciado con fondos europeos.

A través do Servizo Galego de Saúde e da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS), Galicia asume o liderado deste proxecto innovador, aliñado co Plan europeo de loita contra o cancro e enmarcado no Programa de cooperación Interreg España-Portugal (POCTEP) 2021-2027.

O obxectivo central é garantir o acceso equitativo a unha atención oncolóxica de calidade mediante a promoción da integración de servizos sanitarios, diagnósticos e tratamentos innovadores para dous tipos de cancro, o de pulmón e o colorrectal, no territorio da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Equio achega un valor significativo en termos europeos ao abordar directamente os obxectivos estratéxicos do Plan europeo de loita contra o cancro, especialmente en canto á equidade, a calidade da atención e a medicina personalizada.

Trátase dun modelo pioneiro para a cooperación transfronteiriza en saúde, ofrecendo solucións concretas ás barreiras administrativas, clínicas e regulamentarias que a miúdo limitan o acceso equitativo a terapias innovadoras contra o cancro.

O proxecto Equio prevé catro liñas de traballo, unha delas orientada ao desenvolvemento de protocolos e vías clínicas comúns para o cancro de pulmón e colorrectal nos centros que participan no proxecto, coa finalidade de optimizar a atención oncolóxica en Galicia e norte de Portugal mediante a estandarización e mellora de protocolos asistenciais en ambos os tipos de cancro.

Con ese obxectivo, constituirase un grupo de expertos para cada tipo de tumor, de pulmón e colorrectal, con profesionais de ambos os países. Estes grupos definirán os estándares para todo o proceso asistencial —diagnóstico, tratamento e seguimento— e establecerán indicadores de calidade e resultados en saúde que permitan monitorizar, avaliar e comparar cara á mellora continua na atención oncolóxica.

A segunda liña de traballo de Equio sentará as bases para a creación dun comité molecular de tumores transfronteirizo, centrado nun diagnóstico molecular para casos de tumores avanzados, así como a consolidación de procedementos que permitan a participación de pacientes de ambos os países en ensaios clínicos con terapias innovadoras. Nesa liña, deseñárase e poñerase en marcha un proxecto piloto común para realizar unha análise molecular avanzada destinado aos pacientes con cancro avanzado metastático sen alternativa terapéutica nos protocolos habituais, estimando chegar a unhas 500 persoas en tres anos.

Xunto ao anterior, Equio mellorará a formación continua en oncoloxía dos profesionais sanitarios da Eurorrexión, impulsando a transferencia de coñecemento, o manexo de tecnoloxías emerxentes e a educación da cidadanía afectada polo cancro. Procurárase construír unha comunidade profesional sólida, con visión transfronteiriza e preparada para implementar novos modelos de atención centrados no paciente. Para iso, crearase un campus de formación en oncoloxía para a rexión transfronteiriza, que ofrecerá capacitación continua ao persoal sanitario sobre os últimos avances en diagnóstico, tratamentos e uso das vías clínicas. Incluirá formación en plataformas dixitais con cursos en liña e presenciais, intercambios entre hospitais e módulos especializados en novas tecnoloxías.

Por outra banda, enfocado no paciente e as súas familias, desenvolveranse programas centrados en tratamentos personalizados e coidados paliativos. Crearase material accesible e ofreceranse sesións formativas que fomenten a participación do paciente e

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

melloren as capacidades dos cuidadores. Tamén se facilitará o acceso a información sobre servizos e dereitos para garantir que a cidadanía coñeza as opcións terapéuticas e diagnósticas que ofrece esta rede transfronteiriza.

Finalmente, Equio buscará iniciar a planificación estratéxica dunha rede transfronteiriza integral de centros de atención ao cancro equitativa, coordinada e accesible para pacientes con patoloxías complexas. Elaborárase un inventario de recursos para identificar necesidades e definirase un modelo de gobernanza común no marco da rede europea de centros de referencia en oncoloxía (CCCNetwork).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **GALICIA ADIANTA O REFORZO DA VACINA FRONTE AO SARAMPELO AOS DOUS ANOS PARA DAR RESPONSA Á REPUNTA DE CASOS NO RESTO DE ESPAÑA**

- A partir do mes de maio comezaranse a vacinar fronte ao sarampelo nenas e nenos nados en 2024, ademais de manter a primeira dose que se administra aos 12 meses
- A iniciativa da Xunta adóptase tras a recente decisión da Organización Mundial da Saúde de retirarlle a España o status de país libre de sarampelo que mantiña desde 2016, xustificando por un lixeiro incremento de casos
- En Galicia non se detectou sarampelo desde 2024
- A cobertura vacinal na poboación infantil permite unha elevada protección contra a transmisión, xa que está preto do 95 % para as dúas doses
- Calquera persoa que non cumprise co calendario vacinal infantil pode solicitar no seu centro de saúde a protección fronte ao sarampelo

Galicia comezará en maio a administrar a vacina de reforzo fronte ao sarampelo aos dous anos, en lugar de aos tres, para dar resposta á repunta de casos de infeccións por este virus.

Así o recolle o informe presentado hoxe pola Consellería de Sanidade durante a reunión semanal do Consello da Xunta. Nel lémbrese que a Organización Mundial da Saúde decidiu, a finais do mes de xaneiro, a retirada do status de país libre de sarampelo que España mantiña desde 2016 e que se xustifica nunha repunta do número de casos.

Desta forma, a partir do próximo mes modificarase o calendario de vacinación infantil galego, o máis completo do mundo. Manterase a administración da vacina fronte ao sarampelo aos 12 meses (que é denominada triplevírica por incluír tamén protección fronte á rubéola e a parotidite) e adiantarase a segunda dose aos dous anos. Neste caso, coincidirá en calendario coa vacina da varicela e, polo tanto, administrárase a versión tetravírica (que protexe fronte ao sarampelo, á rubéola, á parotidite e, tamén, á varicela).

Desde maio, no centro de saúde habitual, todos os nenos e nenas nados desde o 1 de xaneiro de 2024, cando fagan dous anos, recibirán a vacina tetravírica.

Do mesmo xeito, os nados desde o 1 de xaneiro de 2023, que non estean vacinados, recibirán a vacina tetravírica aos tres anos para completar o seu calendario.

#### **Sen casos en Galicia desde 2024**

É de destacar que Galicia presenta unha elevada cobertura vacinal contra o sarampelo na poboación infantil. Roza o 95 % de nenas e nenos coas dúas doses, o cal supón unha elevada protección contra a transmisión da enfermidade.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En todo caso, a Consellería de Sanidade mantén a vixilancia epidemiolóxica do virus.

No que vai de ano, ata a primeira semana de abril de 2026, foron notificadas catro sospeitas de sarampelo que posteriormente foi descartado que se tratase deste virus tras a análise microbiolóxica.

En Galicia, desde o ano 2021 só se detectaron dous casos confirmados de sarampelo, ambos en 2024, un deles importado e o outro vinculado epidemioloxicamente ao primeiro.

Non se detectaron neste período máis casos desde 2024.

Con todo, débese recordar a necesidade de reforzar a vacinación nalgúns colectivos, como o de sanitarios, viaxeiros e persoas migrantes ou traballadores temporeiros, co fin de aumentar a protección da poboación fronte á aparición de casos esporádicos.

Do mesmo xeito que se viña producindo ata agora, a Consellería de Sanidade lembra que calquera persoa, maior ou menor de idade, que non teña completo o seu calendario vacinal pode solicitar no seu centro de saúde a vacina que lle falte.

Desde a Dirección Xeral de Saúde Pública recoméndase ás persoas non vacinadas con anterioridade fronte ao sarampelo que pidan cita de enfermaría a través da aplicación Sergas Móbil.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA AUMENTA ATA AS 11.932 PRAZAS A OFERTA PARA CAMPAMENTOS E ACTIVIDADES DE VERÁN, ACADANDO A CIFRA MÁIS ALTA DA SÚA HISTORIA**

- O Consello dá hoxe luz verde a esta programación para a mocidade de 9 a 30 anos e cuxo prazo de solicitudes abre o xoves tras a publicación no *Diario Oficial de Galicia*
- Salienta que, como novidade, nesta convocatoria darase prioridade nos procedementos de sorteo “aos solicitantes que non participaron en ningunha actividade de verán no 2025”
- O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude destaca que esta programación sitúa Galicia “como referente en conciliación, integración e inclusión”
- A maior oferta correspóndese cos campamentos, aos cales poden optar un total de 8.000 nenos e nenas en Galicia
- No que respecta aos minicampamentos, cunha duración de cinco días, contan con capacidade para 876 participantes
- As accións inclúen tamén campos de voluntariado, lecer alternativo para maiores de 18 anos e o uso de instalacións xuvenís

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello deu o visto e prace “á maior oferta de prazas de campamentos e actividades de verán” na historia da comunidade, con 11.932 prazas para nenos e mozos de 9 a 30 anos, o que supón 302 máis que na campaña anterior. Estarán repartidas entre campamentos, minicampamentos, campos de voluntariado, propostas de lecer alternativo para maiores de 18 anos e uso de instalacións xuvenís.

Trátase dun dos programas máis importantes da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude no que ten que ver cos máis novos e que ano tras ano segue a consolidarse como un referente a nivel de todo o Estado, ofrecendo unha programación que converte Galicia en destino preferente para a mocidade. Un programa que, como resaltou Rueda, supón “un recurso de conciliación moi importante” e que, segundo engadiu o conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, José López Campos, permite “ofrecer recursos de ocio de calidade que atraen a mozos galegos, pero tamén para os doutras comunidades autonómicas e o estranxeiro”. “Unha aposta clara e decidida pola conciliación, a integración e a inclusión na que a Xunta inviste 5,5 millóns de euros”, indicou o conselleiro.

Deste xeito, desde o Executivo autonómico preténdese continuar a facilitar oportunidades para gozar dun tempo de lecer educativo de primeiro nivel, fomentando que a xuventude empregue o seu tempo libre na época estival con actividades de carácter lúdico, cultural, deportivo e formativo.

Así, a maior oferta da campaña *Modo Verán Activo* –“un dos principais piares da programación”, indicou o conselleiro- correspóndese coa modalidade de campamentos, destinados a nenos e nenas de entre 9 e 17 anos, e que este ano conta con 8.050 prazas repartidas en 36 instalacións das 4 provincias, o que supón 173 máis con respecto ás do

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ano pasado. A estas hai que sumarllas as 301 dispoñibles fóra da Comunidade a través dos intercambios co País Vasco, Castela e León, Castela-A Mancha, A Rioxa, Madrid e Cantabria. Ademais, engádense 105 prazas nos campamentos específicos para persoas con discapacidade convocadas a través da Consellería de Política Social.

Cunha duración de entre oito e 12 días por quenda durante os meses de xullo, agosto e setembro, esta proposta brinda actividades para divertirse e tamén encamiñadas ao enriquecemento persoal e vital dos seus participantes. Neste 2026 inclúense varios campamentos novos como *Experiencia Galicia Calidade do Verán*, en Boqueixón; *Explora o rural*, en Vilariño de Conso, e *Un verán para lembrar* e *Multideporte*, ambos os dous en Mondariz Balneario.

### **Máis oportunidades coa rotación de prazas**

López Campos explicou que "o prazo de inscricións na campaña abrirá este xoves", despois da publicación o mércores da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, agás para o programa de actividades de lecer alternativo para maiores de 18 anos que abrirá en maio. Como novidade, o presidente salientou que, "no sorteo de prazas, terán prioridade aqueles que non participaron en ningunha actividade o pasado verán". Deste xeito, búscase dotar o sistema dunha maior equidade, ao garantir a rotación na adxudicación das prazas dun ano para o outro.

Cómpre destacar tamén que esta campaña avoga cada ano plenamente pola integración e a inclusión, de maneira que todos os mozos e mozas teñen a oportunidade de participar en igualdade de condicións e con independencia das súas necesidades específicas, contando sempre co persoal especializado que se precise. Así, as persoas con discapacidade poden presentar a súa solicitude de participación polo procedemento xeral, pola vía das prazas reservadas de inclusión (355), ou ben a través dos campamentos específicos da Consellería de Política Social e Igualdade.

### **Desde minicampamentos a actividades para maiores de 18**

Ademais dos campamentos, nesta edición vólense programar iniciativas concretas que van desde os máis cativos aos maiores de 18 anos. Así, para a franxa de idade comprendida entre os 9 e 12 anos volven os minicampamentos *Coñece Galicia*, unha proposta lúdico-formativa que aumenta en preto de 100 as súas prazas con respecto a 2025, chegando ás 876.

Trátase dunha proposta que se desenvolve en espazos naturais cunha duración de cinco días, de luns a venres, en aloxamentos distribuídos por toda a xeografía galega e que conta con 13 programas. O seu obxectivo é favorecer as necesidades de conciliación e coidado das familias á vez que se fomenta o coñecemento da riqueza natural e patrimonial de Galicia.

Por outra banda, dáselle continuidade ao paquete de actividades de ocio educativo, alternativo e saudable para persoas de 18 a 30 anos, que se puxo en marcha en 2024, e que ofrece 160 prazas centradas en cinco programas de catro días de duración. Os

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

mozos e mozas poderán mellorar as competencias e habilidades a través da educación non formal de maneira que coñezan a xeografía e o patrimonio natural, cultural e etnográfico de Galicia.

### **Campos de voluntariado e uso de instalacións xuvenís**

Para maiores de 18 anos tamén están destinados os campos de voluntariado, que incrementan as súas prazas nesta convocatoria, ata as 815. Delas, 665 distribúense entre as 40 propostas localizadas en Galicia, ás cales hai que sumar outras 75 prazas noutras comunidades autónomas e 75 máis no estranxeiro.

Estas accións desenvólvense maioritariamente en colaboración cos concellos e pretenden favorecer a convivencia, a participación, a tolerancia e a solidariedade entre a mocidade e a súa contorna, a través da colaboración desinteresada e voluntaria en traballos diversos á vez que gozan de alternativas de lecer e tempo libre.

Ademais desta oferta directa, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, tamén inclúe na súa campaña de verán o uso das instalacións xuvenís por parte de asociacións, entidades prestadoras de servizos á mocidade, escolas de tempo libre, corporacións locais e outras entidades públicas ou privadas que leven a cabo plans relacionados cos mozos e mozas. A proposta ten 1.270 prazas organizadas en quendas de cinco a 10 días de duración.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA IMPLANTARÁ CAIXEIROS AUTOSERVIZO NAS 54 OFICINAS DE EMPREGO PARA AVANZAR NUNHA ATENCIÓN MÁIS ÁXIL E EFICIENTE TRAS SUMAR 2.000 XESTIÓNS NA FASE PILOTO**

- O Consello avaliou os terminais instalados nas oficinas de Pontevedra/Pontevedra Bisbarra, A Coruña Centro e Santiago Norte, que facilitan de xeito autónomo trámites de renovación ou recuperación da demanda, cita previa ou obtención de informes
- A súa extensión a toda a rede do Servizo Público de Emprego permitirá garantir a cobertura a todo o territorio e ofrecer un recurso de autoxestión fácil e intuitivo que complementa outras canles existentes e contribúe a reducir a fenda dixital
- Así mesmo, permitirá consolidar as oficinas como centros de activación para o emprego, reducindo a carga administrativa e intensificando o labor do persoal a prol da orientación individualizada e da conexión co tecido empresarial de cada contorna
- Neste contexto, gañan peso iniciativas innovadoras xa operativas como EMI, que posibilitou o perfilado competencial de 101.000 persoas, ou o programa de seguimento intensivo, que facilitou a inserción laboral de 16.800 demandantes
- Esta actuación inscribíase na modernización integral do SPEG promovida pola Xunta, cun investimento de 8M € en 2026 e que abrangue tamén a renovación de infraestruturas e o avance no desenvolvemento dixital da propia EMI

No marco do proceso de renovación do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG), ao cal o Goberno galego destina este ano 8M €, o Consello da Xunta analizou hoxe os resultados da fase piloto de implantación de caixeiros de autoservizo nas oficinas de emprego, unha experiencia desenvolvida desde decembro de 2024 nas de Pontevedra/Pontevedra Bisbarra, A Coruña Centro e Santiago Norte e que rexistrou máis de 2.000 xestións para trámites de renovación ou recuperación da demanda de emprego, contribuíndo así a unha atención máis autónoma, áxil e eficiente e avanzando cara a un servizo máis eficaz, centrado no asesoramento personalizado e na adaptación ás necesidades reais do mercado laboral.

Á vista destes resultados, a Xunta completará ao longo deste ano a implantación no conxunto das 54 oficinas de emprego Galicia, garantindo a cobertura de todo o territorio e dando resposta ás necesidades dunha cidadanía cada vez máis dixitalizada, nun contexto en que as renovacións telemáticas pasaron do 33 % en 2019 a superar o 90 % na actualidade.

A incorporación progresiva destes dispositivos, xunto coa redución da carga administrativa nas oficinas, supón un avance clave para afondar nun modelo de atención máis eficiente, co foco na empregabilidade e na cobertura de vacantes. Neste novo enfoque, os espazos de atención consolídanse como ámbitos de maior valor engadido, baseados no trato directo e individualizado, o que permitirá intensificar o labor do persoal técnico e orientador e impulsar actuacións de maior impacto, como a

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

orientación individualizada, as accións grupais ou a conexión co tecido empresarial de cada contorna.

Neste contexto, cobran especial relevancia ferramentas innovadoras xa implantadas no SPEG, como EMI, baseada en intelixencia artificial e recoñecida pola Comisión Europea. Esta solución, operativa nas 54 oficinas de Galicia, permitiu xa o perfilado competencial de preto de 101.000 persoas. A isto súmase o programa de seguimento intensivo da demanda de emprego, orientado a mellorar a atención dos perfís con maiores dificultades de inserción e a optimizar os recursos dispoñibles. Grazas a esta iniciativa, ofrecéuselle atención personalizada a case 58.000 persoas, das cales arredor de 16.800 lograron a súa inserción laboral. Esta estratexia contribúe tamén a reforzar o mercado laboral galego, que se sitúa en mínimos históricos, con 114.670 persoas no paro, o mellor dato nun mes de marzo desde que existen rexistros.

### **Xestións dispoñibles**

Os caixeiros autoservizo están deseñados como unha ferramenta de uso sinxelo e guiado, cunha interface clara e intuitiva que permite á cidadanía realizar de maneira autónoma, inmediata e segura os principais trámites sen necesidade de atención presencial directa. A través destes dispositivos pódense levar a cabo xestións esenciais como a renovación da demanda de emprego —mediante diferentes sistemas de identificación como código QR, PIN ou DNI con verificación por SMS—, así como a súa recuperación en caso de baixa. Tamén permiten solicitar cita previa, acceder aos servizos de orientación laboral —incluíndo a petición de atención especializada— e obter informes administrativos que se remiten directamente ao correo electrónico da persoa usuaria.

Deste xeito, axilízase e simplifícase a relación coa Administración, ao tempo que se ofrece unha nova canle tecnolóxica nas propias oficinas que complementa outras xa existentes, como a oficina virtual de emprego ou a aplicación Mobem, garantindo tamén o acceso a persoas con menores competencias dixitais ou sen medios tecnolóxicos propios. O obxectivo é continuar incorporando progresivamente novas funcionalidades que permitan seguir mellorando a experiencia das persoas usuarias e adaptando o servizo ás súas necesidades.

### **Proceso de modernización SPEG**

O proceso de dixitalización e reforzo das canles de atención á cidadanía, como estes caixeiros de autoservizo, enmárcase no orzamento global destinado ao proceso de modernización do SPEG (8M € en 2026), un plan en que tamén se inclúe a renovación das propias oficinas —con equipamento, obras e novas infraestruturas— e o impulso das novas tecnoloxías a prol da empregabilidade, como o avance no desenvolvendo da ferramenta EMI cunha achega de 1 M €.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O PROGRAMA DE CONTROL DE PATOLOXÍAS EN AMEIXAS DO INTECMAR CUMPRE 25 ANOS E CONSOLÍDASE COMO CLAVE NA DETECCIÓN DE ENFERMIDADES DESTES BIVALVOS**

- A través da monitorización de distintos puntos fixos ao longo da costa, procesáronse arredor de 10.000 ameixas de xeito individualizado
- Esta iniciativa permitiu elaborar unha listaxe de organismos simbioses e alteracións patolóxicas, detectables pola técnica histolóxica, indicando que a maioría non causan danos ao hospedador en condicións normais e, os que si o fan, non chegan a provocar efectos negativos no marisqueo
- Os resultados tamén revelan que non hai axentes infecciosos que poidan asociarse cos descensos de produción das distintas especies de ameixas rexistrados nos últimos anos
- O Intecmar ten un papel clave para o marisqueo e a acuicultura xa que realiza arredor de 80.000 análises anuais e uns 7.000 informes e resolucións de seguridade alimentaria e sanidade animal

O Consello da Xunta deu conta do informe de balance dos 25 anos do Programa de Control de Patoloxía en Ameixas desenvolvido polo Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar), dependente da Consellería do Mar, e que ten un papel determinante no control da calidade do medio mariño, contribuíndo á súa protección e mellora, e na aplicación das disposicións legais en materia de control técnico-sanitario dos produtos do mar. Tal é así que, cada ano, este centro realiza arredor de 80.000 análises e emite uns 7.000 informes e resolucións de seguridade alimentaria e sanidade animal.

Con esta finalidade, no ano 2001, a Unidade de Patoloxía puxo en marcha o dito programa, baseado nunha rede de puntos fixos de mostraxe distribuídos ao longo da costa galega e que, mediante técnicas histolóxicas, permitiu o procesamento de arredor de 10.000 exemplares de forma individualizada de ameixa fina, babosa, xaponesa e rubia.

Esta extensa análise concretou una listaxe dos organismos simbioses e das alteracións patolóxicas nestes moluscos bivalvos, así como os niveis de referencia para cada axente identificado. Esta información constitúe unha ferramenta fundamental para detectar de forma temperá novos patóxenos ou enfermidades emerxentes co fin de mellorar o estado de saúde dos bancos marisqueiros e a súa resposta ante episodios de mortalidade.

Os resultados máis significativos indican que a maioría dos organismos simbioses non causan danos ao hospedador en condicións normais. No caso daqueles con potencial patóxeno, a súa presenza é moi reducida e non chega a provocar efectos negativos no marisqueo.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O estudo tamén identifica tres riscos potenciais para o futuro destes ecosistemas: cambios no comportamento de simbioses actualmente inofensivos, proliferación de organismos presentes a baixa intensidade e incremento da porcentaxe de ameixas afectadas por axentes patóxenos que, en condicións habituais, se atopan en niveis baixos.

Así mesmo, conclúese que no amplo abano de mostras realizadas, non se establecen causas patolóxicas que expliquen os descensos de produción das distintas especies de ameixas rexistrados nos últimos anos, o que apunta á necesidade de abordar esta problemática desde unha perspectiva multifactorial que teña en conta factores ambientais, biolóxicos e de xestión.

Cómpre destacar que Galicia é a principal produtora de ameixas de España. No ano 2025 a produción situouse nos 2,2 millóns de quilos, o que supuxo un volume de negocio de 34,1 millóns de euros. Un nivel produtivo en que apoio da Xunta está a ser determinante. Desde o ano 2010 a Consellería do Mar achegou ás confrarías de pescadores arredor de 366 millóns de unidades para tratar facer produtivos máis de 5 millóns de metros cadrados de bancos marisqueiros repartidos por todo o litoral galego.

### **Transparencia e apoio ao sector**

A posta en marcha do Programa de Patoloxías de Ameixas responde ao compromiso de transparencia na xestión pública e pon á disposición da cidadanía información relevante sobre o estado dos recursos mariños. Os resultados teñen un alto valor para o sector marisqueiro, o persoal técnico, a Administración e a comunidade científica, ao proporcionaren unha base sólida para a toma de decisións e o deseño de estratexias de xestión e conservación dos bancos marisqueiros galegos.

Neste senso, os labores de control da calidade do medio mariño e técnico-sanitario dos produtos do mar que realiza o Intecmar son determinantes para manter a actividade marisqueira e acuícola, ao tempo que garanten aos consumidores as boas condicións hixiénico-sanitarias dos produtos e permiten detectar as zonas afectadas para adoptar medidas de xestión que permitan minimizar as perdas económicas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **GALICIA CONSOLIDA A SÚA POSICIÓN ENTRE AS COMUNIDADES MÁIS RIGOROSAS NOS CONTROIS AMBIENTAIS SOBRE AS INSTALACIÓNS INDUSTRIAIS E PRODUTIVAS**

- A memoria do Programa de inspección ambiental correspondente a 2025 ratifica os altos valores da Comunidade tanto no cumprimento do plan como no seu nivel de cobertura, con valores en ambos os casos que superan o 80 %
- Realizáronse un total de 594 intervencións, sumando tanto as programadas polos inspectores da Xunta como aquelas que foron solicitadas, cunha media de 50 por mes
- Cómpre destacar os bos resultados acadados no referido ao cumprimento das exigencias e o nivel de desviación, xa que se constata que só un 11 % das actividades supervisadas en 2025 presentaron un cumprimento baixo das exigencias ambientais e só un 4 % das desviacións foron moi relevantes
- No caso das instalacións con autorización ambiental integrada (AAI), o 65 % presentan un bo comportamento e non rexistran desviacións ambientais relevantes a pesar de que son, precisamente, as que teñen un maior potencial de impacto polo tipo de actividade a que se dedican
- Datos como que o 64 % das empresas analizadas melloraron o nivel de cumprimento da última inspección ou a redución dos expedientes sancionadores confirman que os titulares destas instalacións responden cada vez mellor ás exigencias normativas

Galicia consolida a súa posición de referencia a nivel nacional en canto a planificación, cumprimento e resultados en materia de inspección ambiental, un eido en que se sitúa desde hai varios anos entre as comunidades máis rigorosas e eficientes polos controis que realiza ás instalacións industriais e produtivas presentes no seu territorio co fin de garantir a protección do ambiente e da saúde das persoas.

A memoria anual do Programa de inspección ambiental de Galicia correspondente a 2025, da que tomou razón esta mañá o Consello da Xunta, detalla o total de 594 intervencións que se levaron a cabo neste eido ao longo do ano pasado na Comunidade, cunha media de 50 cada mes. Unha intensa actividade de vixilancia que se traduciu nunha taxa de cumprimento do plan moi alta, xa que os inspectores da Xunta lograron realizar o 82 % das visitas que tiñan programadas e mesmo fixeron máis inspeccións non programadas (en resposta a solicitudes de oficio ou derivadas dalgunha denuncia ou situación de emerxencia) das estimadas inicialmente.

As accións desenvolvidas no primeiro ano de aplicación do novo Plan de inspección ambiental de Galicia 2025-2030 organizouse arredor de cinco subprogramas que abranguen a supervisión das instalacións con autorización ambiental integrada (AAI), do proceso de traslado de residuos, das instalacións de xestión de residuos, dos vertedoiros e outras actividades.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

De todos eles, cómpre destacar o que se centra nas actividades que requiren dunha AAI para poder operar, por ser as que presentan un maior potencial de impacto desde o punto de vista ambiental e tamén as máis complexas para os inspectores, que deben verificar múltiples parámetros e unha extensa documentación tanto *in situ* como durante a elaboración do preceptivo informe.

O ano pasado inspeccionáronse 81 das 95 instalacións galegas con autorización ambiental integrada ás cales lles correspondía someterse a este trámite. O que supón unha cobertura inspectora deste tipo de actividades do 85,3 %, unha das taxas máis altas de todo o país.

Ademais, os resultados con que se saldaron estas visitas tamén foron positivos. De feito, o 65 % destas instalacións superaron o control da Xunta con nota, acreditando un bo comportamento ambiental e sen desviacións relevantes, unha porcentaxe que se eleva ata o 81 % no caso das empresas de carácter industrial.

En canto ao resto de subprogramas, destaca o de xestores de residuos, xa que se incorporou á planificación de forma específica en 2025. No marco deste, realizáronse un total de 86 inspeccións das cales un 93 % non estaban programadas ao tratarse precisamente dunha das novidades do último plan. De feito, cómpre lembrar que este subprograma ten como fin reforzar o control sobre a xestión que se fai en Galicia dos residuos industriais co dobre obxectivo de reducir a súa xeración e de impulsar un tratamento axeitado deste tipo de refugallo, tendo en conta tanto o seu volume como a súa relevancia ambiental polos riscos potenciais que levan asociados.

En canto ao traslado de residuos, unha liña de acción xa consolidada, a memoria recolle 20 inspeccións realizadas a operadores que importan ou exportan maioritariamente metais, envases de vidro, papel e cartón e refugallo de plástico desde ou cara a outros países, cun total de 882 traslados con destino ou orixe en Galicia supervisados.

Así mesmo, tamén se levaron a cabo visitas a 14 vertedoiros para comprobar o cumprimento da normativa aplicable e facer comprobacións sobre os vasos (tanto os novos como os selados) e preto de medio cento de inspeccións non programadas a outras actividades que non están englobadas en ningún dos outros programas.

### **Maior exixencia para seguir sendo referente**

Como mostra do nivel de exixencia cada vez maior da supervisión ambiental en Galicia, o programa de inspección de 2025 fixou, por primeira vez, dous obxectivos concretos: que menos dun 20 % das actividades analizadas tiveran un grao de cumprimento baixo ou moi baixo das exixencias ambientais e que menos do 10 % das desviacións detectadas foran moi relevantes. En ambos os casos a memoria confirma a súa consecución, xa que só un 11 % das instalacións supervisadas presentaron un cumprimento baixo e apenas o 4 % das desviacións se consideraron moi relevantes.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

De igual forma, datos como que o 64 % das empresas inspeccionadas o ano pasado melloraron o seu nivel de cumprimento en comparación coa súa anterior inspección ou o feito de que o número de expedientes sancionadores incoados baixe (de 15 en 2024 a 8 en 2025) confirman que os titulares destas instalacións responden cada vez mellor ás exigencias normativas e aos controis sobre a xestión ambiental dos procesos industriais e produtivos, apostando así por actividades sostibles e ambientalmente viables que contribúen a reducir a contaminación e redundan na mellora da calidade de vida.

A última memoria de inspección ambiental confirma tamén que a experiencia e o camiño percorrido por Galicia en materia de inspección ambiental a consolidan como un referente tanto en España como na UE, ao ser tamén unha das primeiras rexións europeas en contar cun Manual de inspección ambiental e coa certificación de Sistema de xestión de calidade (ISO 9001:2015), que constata a excelencia do servizo prestado.

No marco deste proceso de actualización e mellora constante, a inspección ambiental autonómica está a participar tamén no proxecto *Twinning* con Macedonia do Norte para reforzar as capacidades do país balcánico na consecución dun sistema de inspección ambiental funcional e eficiente, ademais de asistilo na implantación e cumprimento efectivos da lexislación ambiental.

Ademais, a Comunidade galega posúe un decreto propio nesta materia que foi actualizado en 2020 para adaptalo ás novidades normativas dos últimos anos e segue avanzando na implantación dos procedementos telemáticos e dixitais necesarios a través de GAIA, que dispón dunha aplicación específica en materia de inspección de acordo coas novas obrigas introducidas pola Lei de residuos e solos contaminados de Galicia para mellorar a rastrexabilidade para o control dos refugallos.

Cómpre lembrar que a normativa vixente establece que as actividades industriais susceptibles de causar algún impacto ou incidencia na contorna deben someterse, de ser o caso, a un procedemento de avaliación ambiental e obter a correspondente autorización. Isto afecta sectores moi variados como o agroalimentario, a xestión dos residuos ou a produción industrial e enerxética e implica un seguimento periódico deste tipo de empresas por parte da Administración mentres manteñan a súa actividade.

Os distintos niveis de exigencia dos requisitos ambientais para estas actividades en concreto veñen marcados por directivas comunitarias e a vixilancia do seu cumprimento realízase de forma exhaustiva e programada.